

MEMORIA ANUAL

CURSO ESCOLAR

2014 – 2015

CEIP Emilia Pardo Bazán

INDICE
1.- Introducción
2.- Obxectivos xerais
2.1. Avaliación individualizada en 3º de primaria
2.2. Concreción anual do Plan de Introducción das TIC
2.3. Concreción anual do Plan Lector
2.3.1. Grao de cumprimento dos obxectivos
2.3.2. Dinamización da biblioteca escolar
2.3.3. Rutinas de lectura. Actividades sistemáticas
2.3.4. Itinerarios lectores
2.3.5. Actividades
2.3.6. Ler en familia
2.3.7. Avaliación
3.- Concreción do Proxecto de Dirección
4.- Memorias dos equipos docentes de nivel/ciclo
4.1. Educación Infantil
4.2. Primeiro e Segundo curso de primaria
4.3. Terceiro e Cuarto curso de primaria
4.4. Quinto e Sexto curso de primaria
5.- Equipo de Dinamización Lingüística
6.- Comisión de Coordinación Pedagóxica
7.- Departamento de Orientación
7.1. Memoria Aula Específica Educación Especial
8.- Observatorio da Convivencia
9.- Biblioteca
9.1. Organización e xestión da biblioteca
9.2. Formación de usuarios e educación documental
9.3. Fomento da lectura e desenvolvemento do Proxecto Lector de centro
10.- Memoria da Comisión TIC
10.1. Obxectivos propostos na PXA.
10.2. Obxectivos non incluídos na PXA
10.3. Propostas de mellora
11.- Memoria EACE
11.1. Memoria das actividades de inglés
11.2. Memoria das Actividades Complementarias
11.3. Memoria do Horto Escolar
11.4. Memoria do Proxecto de Teatro Interaulas

12.- Memoria dos Servizos Complementarios
12.1. Transporte escolar
12.2. Servizo de Comedor Escolar, Programa Madrugadores e Actividades Extraescolares
12.2.1. Servizo de Comedor Escolar e Madrugadores
12.2.2. Programa de Madrugadores
12.2.3. Programa de Comedor
12.2.4. Actividades Extraescolares
12.2.4.1. Actividades creativas e de movemento desvoltas por "Axiña"
12.2.4.2. Actividades deportivas
12.2.4.3. POE, Deporte no Centro (Concello e Federación ANPAS)
12.2.4.4. Campamento de verán 2015
12.2.4.5. Fin de curso e avaliación de actividades
12.2.4.6. Outras actividades realizadas pola ANPA durante o curso
13.- Situación das instalacións e equipamentos
13.1. Actuacións realizadas polo Concello
13.2. Actuacións realizadas pola Consellería de Cultura, Educación e O.U
14.- Libros de texto e material complementario
ANEXO I (LIBROS DE TEXTO)

1.- INTRODUCCIÓN

Finaliza o curso escolar 2014-2015, co obxectivo cumprido de posta en funcionamento do novo Aulario Infantil, acollendo as aulas do 2º ciclo de educación infantil, aulas de apoio e/ou desdobres, salón de usos múltiples, sala de profesorado, comedor escolar, local do ANPA e outras dependencias escolares.

O investimento realizado pola Sudirección Xeral de Construcións e Equipamentos na construción do novo aulario infantil tamén permitiu a creación de sendos despachos de Secretaría e Administración na zona administrativa do edificio principal. Esta subdivisión fixo posible a garda e custodia da documentación académica do alumnado en condicións axeitadas de seguridade e privacidade. Asimesmo abriuse un portelo de atención ao público desde a zona de persoal administrativo.

Como consecuencia do traslado do comedor escolar ao novo edificio do aulario infantil quedaron a disposición do centro dúas aulas. Nunha deles realizouse unha subdivisión da mesma para redistribuir as aulas de apoio de Pedagogía Terapéutica e Aula Específica de Educación Especial en centro ordinario. A outra aula dispoñible permitirá a instalación, o vindeiro curso escolar 2015-16, dun espazo polivalente de uso como aula de plástica e/ou laboratorio de ciencias.

Realizouse tamén un cambio da aula de Educación Relixiosa Evanxélica desde o 3º andar ate o 2º andar, quedando situada ao carón das outras dúas aulas de educación relixiosa xa existentes. Habilitouse un espazo no 3º andar para a ubicación do almacén de teatro escolar.

A implantación da LOMCE obrigou a desaparición na educación primaria dos ciclos dando paso, neste centro, á organización do profesorado en Equipos de Nivel, agás en Educación Infantil que mantivo a estrutura de ciclo. Esta estrutura orgánica non favoreceu a coordinación didáctica do profesorado e dificultou a comunicación bidireccional entre a dirección e o profesorado. A Comisión de Coordinación Pedagóxica tivo que asumir tarefas propias das antigas coordinacións de ciclo.

As avaliacións individualizadas do alumnado de 3º curso de primaria fixéronse por primeira vez, logo da implantación parcial da LOMCE.

A redución, realizada pola Xefatura de Inspección Educativa, da plantilla de especialistas de Audición e Linguaxe, ao ter que compartir centro a 2º especialista de AL, causou a desatención de preto de 30 alumnos/as que presentaba dislalias e outros problemas comunicativos. Ao mesmo tempo impediu realizar unha atención máis individualizada do alumnado con NEE. Esta redución de recursos humanos tamén afectou ás sesións do persoal Auxiliar Coidador que atendeu ao alumnado con NEE por ter que compartir centro unha das coidadoras.

O Proxecto Abalar continuou o seu desenvolvemento nas aulas de 5º/6º cursos de educación primaria nas que o profesorado titor empregou as aulas virtuais para implementar recursos dixitais para favorecer as aprendizaxes do alumnado.

Incrementouse o equipamento TIC no novo aulario infantil, instalándose un novo EDI (Encerado Dixital Interactivo) no Salón de Usos Múltiples. O equipamento dixital no resto dos niveis de educación primaria e tamén en educación infantil, tamén favoreceu as aprendizaxes do alumnado.

No actual curso escolar o profesorado participou nun Proxecto de Formación Permanente do Profesorado (PFPP) relacionado coa utilización didáctica das TIC.

Continuouse cos proxectos que achegaron ao noso alumnado ao mundo da natureza, tales como o Proxecto de Horto Escolar e Voz Natura.

Co éxito acadado o curso pasado no Certame de Teatro Escolar e Afeccionado “Candilejas Don Bosco”, a participación no XVIII Certame, coa adaptación da ópera titulada “A Fruta máxica” acadouse por terceiro ano consecutivo, a consecución do primeiro premio, nesta ocasión, na categoría infantil, así coma o premio de mellor actor masculino. Estes premios puxeron outra de vez de manifesto o excelente traballo realizado por un pequeno grupo de mestres e mestras, que contaron coa colaboración do Claustro de profesorado, do persoal non docente do centro, de colaboradores externos ao centro e coa aportación económica da ONG Axuda en Acción.

Asimesmo outros grupos de alumnos/as traballaron intensamente ao longo de todo o curso na realización de obras teatrais representadas no propio colexio para o resto de alumnado e tamén para as súas familias.

Mantivemos o compromiso de potenciar a presenza da lingua galega nas actividades diarias do centro escolar e con tal motivo realizouse unha revisión e

actualización do Proxecto Lingüístico de Centro. Continuouse potenciando o personaxe de “Feirán” coma difusor da nosa cultura.

A colaboración da ANPA Milnen@s púxose outra vez de manifesto coa subvención das actividades de teatro en lingua inglesa, das viaxes didácticas dalgún alumnado con precariedade familiar e coa organización das festas de despedida do alumnado de 6º de primaria e de fin de curso.

2.- OBXECTIVOS XERAIS A CONSEGUIR NESTE CURSO

- Actualizar o proxecto educativo de centro. (EN PROCESO)
- Actualizar o Plan de Acción Titorial. (EN PROCESO)
- Actualizar o Proxecto Lingüístico do Centro. (ACADADO)
- Incluir no proxecto educativo, nas programacións didácticas e na Programación Xeral Anual a idea da necesidade da lectura. (ACADADO PARCIALMENTE)
- Vivenciar a horta escolar como vínculo de unión entre todo o colexio utilizando todas as Comisións que funcionan no colexio. (ACADADO)
- Manter a oferta de actividades dirixidas a pais/nais sobre técnicas de estudo, hábitos e estratexias da aprendizaxe co alumnado de 1º ata 6º curso de educación primaria. (EN PROCESO)
- Constituír a Comisión de Auto-protección escolar. (EN PROCESO)
- Renovar parcialmente os membros do Consello Escolar que correspondían. (ACADADO)

2.1.- AVALIACIÓN INDIVIDUALIZADA EN 3º EP

A avaliación individualizada do alumnado de 3º curso de primaria víuse parcialmente afectada pola decisión dalgunhas familias de impedir a participación dos seus fillos na mesma como medida de protesta e reixetamento deste tipo de probas. No noso centro esta decisión afectou a un 20 % do alumnado. A aplicación das probas de avaliación realizouse con normalidade por parte do profesorado.

O retraso por parte da Consellería de Cultura, Educación e O. U., na publicación dos resultados obtidos polo alumnado, non permitiu a entrega ás

familias dos correspondentes informes no actual curso escolar. A entrega realizarase durante o mes de setembro do vindeiro curso 2015-2016.

As avaliacións individualizadas tiveron lugar os días 27 e 28 do mes de maio 2015 aplicándose ao alumnado presente no centro de 3º curso de educación primaria. Avaliáronse dúas competencias: competencia en comunicación lingüística e competencia matemática.

A Comisión de coordinación da avaliación individualizada quedou constituída polos seguintes membros:

- a) O director do centro, que actuou de presidente.
- b) O xefe de estudos.
- c) A xefa do departamento de orientación.
- d) Un titor de 3º curso de educación primaria.

Aos efectos de corrección dos caderniños do alumnado, a citada comisión estableceu, ao igual que en cursos anteriores, que foran os/as titores/as de 4º curso de educación primaria os encargados da súa valoración.

2.2.- CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE INTRODUCCIÓN DAS TIC

A formación do profesorado no curso 2014-2015 estivo enmarcada na modalidade de PFPP (Proxecto de Formación Permanente do Profesorado). Mediante a realización de 2 itinerarios formativos: Inicial / Avanzado. O profesorado participante desenvolveu a liña de traballo titulada: *Utilización na docencia das ferramentas TIC básicas e uso das potencialidades da aula Abalar e manexo da aula virtual.*

O compromiso de participación do profesorado nesta modalidade formativa obriga aos seus integrantes á continuidade no vindeiro curso escolar logo da aprobación da memoria de formación realizada polo CFR (Centro de Formación e Recursos) da Coruña. O novo PFPP constará dun único itinerario formativo mantendo a estrutura de seminarios: inicial e avanzado, cun máximo de 50 horas de formación, das cales 12 horas poderán ser impartidas polos relatores en cada seminario.

2.3.- CONCRECIÓN ANUAL DO PROXECTO LECTOR DE CENTRO

Programa anual de obxectivos e accións para o desenvolvemento do Proxecto Lector de Centro:

2.3.1.- GRAO DE CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS

Consideramos que os obxectivos programados no Plan Anual de Lectura cumpríronse en liñas xerais satisfactoriamente, aínda que hai outros que para acadalos necesitan máis tempo.

2.3.2.- DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR

Ver Memoria da Biblioteca Escolar.

2.3.3.- RUTINAS DE LECTURA. ACTIVIDADES SISTEMÁTICAS

Dende o curso 2003-2004 levamos a cabo o “Programa de Lectura Silenciosa Sostida”. Co tempo fóronse introducindo nalgúns aulas certas modificacións, como, por exemplo, a lectura colectiva no terceiro ciclo que combinan coa lectura individual e que van flexibilizando, enriquecendo e axustando o proxecto aos lectores.

2.3.4.- ITINERARIOS LECTORES

Seleccionáronse unha serie de títulos axeitados para cada nivel de idade, escollidos con criterios de calidade e en función dos obxectivos recollidos no Proxecto Lector. Son os seguintes:

Primeiro Curso:

- “Feliz Feroz”. El Hematocrítico
- “Rata Linda de Compostela”. Bernardino Graña

Segundo Curso:

- “Ricardo y el dinosaurio rojo”. Vicente Muñoz Puelles
- “Óscar y el león de Correos”. Vicente Muñoz Puelles
- “Óscar y el río Amazonas”. Vicente Muñoz Puelles

Terceiro Curso:

- “Chamizo”. Fina Casalderrey
- “Pamela Panamá contra la Bruja Descalza”. Violeta Monreal

Cuarto Curso:

- “O gato fantasma”. Xelís de Toro

Quinto e Sexto Cursos:

- “Escarlatina, a cociñeira defunta”. Leticia Costas

- “Nata y chocolate”. Alicia Borrás
- “Nata y chocolate invencibles”. Alicia Borrás

2.3.5.- ACTIVIDADES

* E. INFANTIL

- Continuouse co Proxecto Lector.
- Sesións diarias de lectura nas aulas, nas que se manexaron todo tipo de textos.
- O alumnado asistiu a unha sesión de contacontos durante o curso: “Caperucita en el desván”.
- Actividade de identificación das etiquetas dos diversos tipos de libros da B. E.
- Uso de material multimedia e utilización das novas tecnoloxías na animación á lectura.
- Elaboración de “Libros de nomes” e o “Conto viaxeiro” en colaboración coas familias e logo presentación dos mesmos nas aulas e tamén ás familias.
- Actividades de dramatización e representación de poesías, contos e ditos populares.
- No tempo do “Día das Letras Galegas” fixéronse actividades sobre Xosé Filgueira Valverde.
- Colaboración coas familias: Ao principio de curso solicitouse a cada familia que aportase un conto para a biblioteca de aula, utilizándose logo estes contos para animación á lectura e como complemento ás actividades de aula.
- O profesorado de apoio seguiu traballando o gusto pola literatura a través de actividades plásticas, o encerado dixital interactivo e a lectura de libros.

* 1º e 2º CURSOS:

- Participación no P.L.S.S.
- Visitas guiadas a B.E., especialmente a principios de curso, para coñecer ou volver lembrar seccións, funcionamento, ...
- Presentacións aos alumnos en momentos puntuais de novidades de

libros, textos diversos, ...

- Narración de contos, poemas,... polos profesores ou alumnos.
- Lectura diaria nas aulas de todo tipo de textos, unhas veces de xeito silencioso e individual e outras colectivamente.
- Dramatización dalgunhas das lecturas lidas.
- Dramatización, por parte do alumnado dunha titoría de 1º, de “Non fai falta a voz”.
- En 1º, lectura de dous libros: un en castelán e outro en galego:
 - “Feliz Feroz” de El Hematocrítico
 - “Rata Linda de Compostela” de Bernardino Graña.
- En 2º, lectura de tres libros. Cada alumno de cada unha das titorías mercou un libro e logo intercambiáronse entre todos.
 - “Ricardo y el dinosaurio rojo”
 - “Óscar y el león de Correos”
 - “Óscar y el río Amazonas” Os tres títulos son de Vicente Muñoz Puelles
- Tamén léronse en 1º catro antoloxías de textos diversos e en 2º tres.
- Realización de actividades plásticas e literarias relacionados coas lecturas mencionadas e outras: Marcapáxinas, murais, actividades de escritura e plásticas.
- Encontros con autores:
 - O alumnado de 1º con El Hematocrítico
 - O alumnado de 2º con Vicente Muñoz Puelles
- Colaboración das familias con aportacións de contos, cómics,... para a biblioteca de aula.

*** 3º e 4º CURSOS:**

- Participación no P.L.S.S.
- Lectura de libros
- - En 3º:
 - “Chamizo” de Fina Casalderrey
 - “Pamela Panamá contra la Bruja Descalza” de Violeta Monreal

- - En 4º:
 - “O gato fantasma” de Xelís de Toro
- Sobre todos estes libros realizáronse diversas actividades: posta en común, actividades de expresión oral, escrita e creación artística.
- Encontros con autores:
 - Tras as lecturas dos libros mencionados anteriormente, o alumnado de 3º e 4º participou en encontros literarios cos seus autores, Fina Casalderrey e Xelís de Toro.
 - Iniciación ao cine clásico:
 - O alumnado de 4º asistiu á exhibición da película “O heroe do río” de Buster Keaton no CGAI e tamén visionaron varios curtos de Chaplin.

* **5º e 6º CURSOS:**

- Participación no P.L.S.S.
- Traballáronse todas as actividades propostas na P.X.A. para o Plan Anual de Lectura, que o Ciclo valora positivamente.
- Combináronse nas diversas titorías distintas modalidades de lectura: dramatización, lectura colectiva, lectura silenciosa, recitación,...
- Nalgunhas titorías a biblioteca de aula está informatizada e o propio alumnado foi o encargado da súa xestión: rexistro, préstamos, devolución, lecturas recomendadas,...
- Lectura en 5º e 6º dos libros:
 - - “Nata e chocolate” e “Nata e chocolate invencibles” de Alicia Borrás
 - - “Escarlatina, a cociñeira defunta” de Leticia Costas
- Lecturas en inglés en 5º: “Pumpkins”, “London” e “New York”.
- Lecturas en inglés en 6º: “Horses”, “Life in the desert” and “Great inventions”.
- Encontros con autores:
 - Todo o alumnado de 5º e 6º mantivo un encontro literario coas escritoras Alicia Borrás e Leticia Costas.
- Dramatización por parte dun grupo de alumnos de 6º do episodio dos

muiños de Don Quijote, no Día do Libro.

- Dramatización por parte dos alumnos da obra “Nais, quen as entende?”
- En 6º elaboración dun cómic sobre os libros traballados na aula e máis un libro de receitas recopiladas polos alumnos.

Todo o alumnado desde E.I. a 6º tivo sesións de contacontos en inglés.

Todo o alumnado asistiu á representación de “A fruta máxica” dramatizada polo grupo teatral do Centro.

* ACTIVIDADES XERAIS DA BIBLIOTECA ESCOLAR

Ver Memoria da Biblioteca.

2.3.6.- LER EN FAMILIA

Animouse ás familias (a través das reunións colectivas ou das titorías individuais) para que colaboraran na consecución do obxectivo de facer lectores, pois a súa axuda é fundamental para o éxito desta empresa.

2.3.7.- AVALIACIÓN

En 1º e 2º curso a avaliación efectuada sobre o Plan Anual de Lectura é positiva. Atópanse algunhas dificultades ao principio do curso nos alumnos de 1º para centrarse nos 20 minutos da “Hora de Ler” pero logo se adaptan á dinámica.

En 3º e 4º estiman en xeral positiva a avaliación.

En 5º e 6º consideran a avaliación positiva. No caso dos alumnos non lectores observaron que prenden máis a atención nas lecturas colectivas e nos encontros con autores.

3.- LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN PARA ACADAR NO ACTUAL MANDATO DA DIRECCIÓN.

OBXECTIVO 1: *Afondar na implicación de todo o profesorado no desenvolvemento dos distintos Plans de Centro: Plan Lector, Plan Lingüístico, Plan TIC, Plan de Convivencia.*

Este obxectivo acadouse mediante a asignación por parte da Xefatura de Estudos, dun horario semanal específico de atención a cada un dos plans de centro, para cada coordinador/a. Tamén contribuíron os restantes

membros dos equipos e comisións nas súas horas de dinamización e tamén de coordinación didáctica dos luns pola tarde.

OBXECTIVO 2: *Acadar unha mellor xestión dos recursos humanos e materiais para proporcionar unha oferta educativa ampla e axustada ás demandas sociais, unha educación de calidade acadando o máximo desenvolvemento posible das capacidades do alumnado e adaptada as súas necesidades.*

Para a consecución deste obxectivo a Xefatura de Estudos, en coordinación co Departamento de Orientación, asignou as mellores combinacións horarias posibles do profesorado, para acadar a máxima atención do alumnado, promovendo a realización de apoios nas aulas ou co alumnado que presentou maiores dificultades de aprendizaxe. Se ben é fundamental mencionar as dificultades de atención ao alumnado con NEE e con NEAE pola insuficiencia de persoal especialista en Audición e Linguaxe.

OBXECTIVO 3: *Afondar no fomento dunha educación para a igualdade e a coeducación evitando os comportamentos sexistas.*

Aos efectos da consecución deste obxectivo a Xefatura de Estudos asumiu a coordinación do Observatorio da Convivencia. Por outra parte buscou unha implicación máis directa da persoa encargada de coeducación, nomeada no seo do Consello Escolar, coa elaboración ou adquisición de recursos e estratexias didácticas no mundo da coeducación.

As dificultades organizativas e temporais dificultaron o cumprimento das reunións trimestrais do Observatorio da Convivencia, polo que cómpre de cara ao vindeiro curso escolar artellar un novo sistema de organización que permita acadar os obxectivos establecidos na *Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2015-2020* no marco de educonvives.gal da Consellería de Cultura, educación e O. U.

OBXECTIVO 4: *Afondar na dinamización dos órganos de goberno e coordinación docente.*

A participación do profesorado, dos pais e das nais, do persoal non docente e da representante municipal no seno do consello escolar tivo unha

realidade ben diferenciada a causa da enfermidade da citada representante do concello en boa parte do curso escolar. Por outra parte a asistencia dunha das persoas representantes do sector de pais/nais electas, logo do proceso de renovación do consello escolar, non se fixo efectiva polo momento, por incompatibilidade horaria coas reunións realizadas. Fixéronse un total de 8 reunións ordinarias e 1 extraordinaria.

Respecto do Claustro de Profesorado cabe mencionar que as sesións realizadas desenvolvéronse con normalidade para atender as necesidades de funcionamento do centro escolar. Fixéronse un total de 7 reunións ordinarias e 2 extraordinarias.

Os equipos e comisións constituídos no centro: Biblioteca, EACE, EDLG, Horto Escolar e TIC celebraron un total de 8-9 reunións ordinarias, nas que desenvolveron os obxectivos da PXA e outros temas relacionados co funcionamento do centro.

Os equipos docentes de nivel/ciclo reuníronse os luns polas tardes, seguindo o calendario establecido. Realizaron entre 8-10 reunións mensuais, segundo os diferentes niveis/ciclos abordando os temas recollidos na PXA e outros temas relacionados co funcionamento do centro.

OBXECTIVO 5: *Revisar o Proxecto Educativo de Centro (PEC) e integrar nel todos os plans (Plan Lector, Plan Lingüístico, Plan TIC, Plan de Convivencia, Plan Xeral de Atención á Diversidade, Plan de Orientación e Acción Titorial) adaptándoos á lexislación vixente; así como, a introdución das Normas de Organización e Funcionamento (NOF) coas addendas aprobadas nos últimos cursos referidas ao reagrupamento do alumnado ao finalizar cada ciclo e a atención do alumnado nas entradas e saídas do centro escolar.*

Este obxectivo continua a estar en proceso, dado que require facer un estudo da normativa actual para adecuar as nosas normas de organización e funcionamento. A dirección, como responsable da elaboración do documento previo para o debate no seno do claustro de profesorado e o consello escolar, apenas dispuso de tempo efectivo para realizar estas tarefas de estudo e adaptación, xa que a contrución, traslado e posta en funcionamento do novo Aulario Infantil absorberon casi en

exclusividade as horas directivas.

OBXECTIVO 6: *Continuar co traballo de coordinación interciclos e unificar criterios metodolóxicos, a través da Comisión de Coordinación Pedagóxica e os Equipos de Ciclo.*

Este obxectivo estará sempre en proceso de consecución xa que a coordinación do profesorado é unha necesidade permanente.

OBXECTIVO 7: *Elaborar o Plan de Auto-protección escolar. Establecendo os contactos necesarios cos responsables municipais e autonómicos dos servizos de emerxencias, unidade técnica de educación, e outros servizos que se precisen.*

A este respecto a dirección do centro participou nas reunións da Asociación de Directores de CC.PP. da cidade da Coruña, nas que acordouse solicitar ao Concello da Coruña a redacción dos diferentes Plans de Autoprotección dos centros educativos, así como dos simulacros de evacuación. Froito deste traballo foi a elaboración, por parte da Concellaría de Cultura, Educación e Deportes, dun calendario de actuacións nos que o noso centro estaba incluído para a realización do simulacro no presente curso escolar, pero por causas alleas ao noso centro non se puido levar a cabo. Realizáronse actividades en Primeiros Auxilios dirixidas ao profesorado e ao alumnado de 6º curso de primaria.

OBXECTIVO 8: *Continuar traballando a prol da lingua galega, participando naquelas convocatorias de actividades de innovación educativa que xurdan por parte dos diferentes entes oficiais.*

Neste eido continuouse coa participación do noso centro na convocatoria de Proxectos de Fomento da Lingua Galega e na convocatoria de Proxectos de Innovación en Dinamización Lingüística.

OBXECTIVO 9: *Estudar e valorar a posibilidade de participar en seccións bilingües.*

Este obxectivo quedou anulado por carecer o centro de profesorado cos requisitos necesarios para a súa realización.

OBXECTIVO 10: *Solicitar das administracións públicas as melloras infraestruturais necesarias, así como velar polo cumprimento da construción do novo edificio para educación infantil e comedor escolar.*

Coa inauguración o día 7 de abril de 2015 do novo aulario Infantil fíxose realidade o esforzo de toda a comunidade educativa ao longo dos últimos anos. Por outra parte, a confirmación por parte do SME do Concello da Coruña, da restauración durante o último trimestre do ano 2015, do tellado do edificio de educación primaria culmínanse algunhas das peticións de melloras realizadas ao longo do curso.

Asi mesmo a dotación por parte da Consellería de Cultura, Educación e O.U., de 1/3 do equipamento novo do Aulario Infantil mellorou os recursos didácticos e de mobiliario para o alumnado.

OBXECTIVO 11: *Continuar coa transformación do colexio nun centro dixital, tanto nos aspectos didácticos coma nos referidos ás canles de comunicación entre tódolos sectores da comunidade educativa.*

Continuouse traballando na resolución de incidencias no equipamento TIC do colexio, tanto do Proxecto Abalar coma do resto dos equipos, chegándose ao convecemento da necesidade de renovar os ordenadores das aulas e dependencias do centro, para adecualos ás demandas do profesorado.

Co obxecto de favorecer a incorporación xeneralizada das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) no desenvolvemento da actividade educativa, poñendo a disposición do centro un entorno virtual de aprendizaxe, acordouse solicitar a participación do noso centro no Proxecto Educación Dixital E-DIXGAL en 5º de primaria no vindeiro curso escolar 2015-2016. Esta plataforma ou EVA aloxará os libros e outros materiais dixitais cos que poderá desenvolverse a totalidade do currículo.

4.- MEMORIAS DOS EQUIPOS DOCENTES DE NIVEL / CICLO

4.1.- EDUCACIÓN INFANTIL.

O curso 2014-2015 foi extraordinario, debido á mudanza que se realizou ao novo edificio.

- Consideramos beneficioso o mantemento dos desdobres, continuando

coa proposta do uso da PDI en grupos reducidos.

- O primeiro día lectivo houbo xogos para toda a etapa: cadeira con aros, bolos, circuito, baloncesto, paracaídas, o xogo do dentista, fútbol e maquillaxe.

- Na xornada de portas abertas presentáronse as mestras e mestres do nivel e fíxose unha visita polas instalacións do centro por parte das familias interesadas.

- Participamos cos alumnos e alumnas de 4 e 5 anos no concerto: “Jazz animados”, no palacio da Ópera e organizado polo Concello.

- Na semana das Letras Galegas realizáronse actividades sobre Xosé Filgueira Valverde e a representación da obra de teatro do alumnado de 6º de Educación Infantil “O casamento do piollo e a pulga”.

- Saída de fin de curso de toda a etapa de Infantil a Marcelle Natureza (Lugo).

- O alumnado de 5 anos participou nunha revisión oftalmolóxica organizada polo plan Axuda en Acción.

- Toda a etapa de Infantil participou no programa de Stop Accidentes organizado polo Concello.

- Fíxéronse actividades colectivas como:

- **Magosto:** no que a castañeira repartiu castañas a todos/as e fíxose unha exposición de receitas con produtos do tempo.

- **Nadal:** Papá Noel veu recoller as cartas dos máis pequenos e adornamos un árbol de nadal.

- **Día da Paz** (no que participamos con todo o colexio): cantando a canción “Os nenos queremos a paz” , fixemos un mural e o rastrillo solidario.

- **Entroido** co desfile de disfraces e festa gastronómica, baseado na temática da mudanza “Mudámonos, estamos en obras”.

- Implicación do ciclo no proxecto de Voz Natura.

- O alumnado asistiu a varias sesións de contacontos como propostas de animación á lectura:

- Todo o alumnado de Infantil asistiu ao contacontos do Teatro do Andamio “Caperucita en el desván”
 - O alumnado de 6º de Infantil asistiu a unha representación teatral en inglés.
 - Todo o alumnado de Infantil asistiu á representación de diferentes obras de teatro na que participaron alumnos/as do colexio.
- O alumnado despediuse da etapa facendo a representación dunha obra de teatro “O casamento do piollo e a pulga” para os seus familiares.
 - Para rematar o curso, o día 19 de xuño, a ANPA organizou unha xornada de xogos e hinchables.

DIFICULTADES

- Problemas no suministro de auga nos aseos.
- As tazas dos inodoros non son axeitadas ao tamaño do alumnado, é preciso que se faga o cambio de 2 tazas en cada aseo.
- Humidades no almacén usado como trasteiro, é preciso o uso de 2 deshumidificadores de forma continua.
- O equipamento TIC (PC, sobre todo) instalado no ciclo estase a quedar vello.

CARA O VINDEIRO CURSO

- Dado o incremento de alumnado con NEAE vemos necesario tamén un incremento de profesorado especialista en AL, PT e persoal coidador.
- Persoal de conserxería a tempo completo no edificio de E. Infantil.
- Sempre que fora posible solicitar informe ás familias para anticiparnos ao posible alumnado con dificultades.
- É preciso determinar un Plan de evacuación.
- Solicitud dun videoproxector para a aula de PT.
- Dotar de máis material/mobiliario para axustarse ás necesidades do novo edificio, como: estanterías, botiquín no SUM, servicio de teléfono nas aulas e SUM.

4.2.- MEMORIA DE 1º - 2º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

O equipo de profesores de 1º e 2º curso de Educación Primaria realizou ao longo do curso 2014/2015, as reunións previstas no Plan de Centro e as necesarias co fin de se manter informado sobre o tratado nas reunións das distintas Comisións que funcionan no Colexio, así como para tratar temas comúns a nosa labor docente.

DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN

Consegiuse un bo resultado, en termos globais, na consecución dos obxectivos recollidos na PXA.

Destacamos os seguintes aspectos:

- Incidiuse especialmente na necesidade de manter a atención por parte dos alumnos, indispensable para o desenvolvemento das actividades escolares, considerando necesario seguir traballando neste aspecto.
- Estimamos que, en termos xerais, se acadaron os obxectivos de adquisición da técnica lecto-escritora, de cálculo e de razoamento lóxico-matemático.
- Utilizáronse as TICs (pizarras dixitais), en todas as aulas do ciclo. Seguen a ser un bo elemento para captar a atención e a motivación do alumnado.
- Traballouse para desenvolver hábitos de respecto e mellora do contorno máis inmediato. Participaron activamente no horto, guiados polos profesores encargados e acompañados polos titores. Tamén se fixeron plantacións nas aulas, que foron transplantadas ao horto.
- Concedéuselle notable importancia ao obxectivo de desenvolver hábitos de cortesía no trato, xa que, un ano máis, detectouse unha grande falta de respecto aos demais e falta de adaptación ao contexto. Para a súa adquisición e interiorización é imprescindible a colaboración familiar, que non é posible en todos os casos.
- Realizáronse actividades nas aulas para traballar a coeducación, habilidades sociais....
- Participouse no Plan de Fomento da Lectura que levou a cabo o centro, mediante o Plan de Lectura Anual. Os resultados son

altamente satisfactorios.

- Ao longo do curso, realizáronse distintas actividades e celebracións: Magosto (con concurso de receitas de cociña), Samaín, Nadal, Día da Paz, Entroido, Letras Galegas, actividades de dinamización lingüística (Feirán), concurso de selfie co tema “E ti que les?”, unha exhibición de instrumentos de corda fretada, encontros con autores, un espectáculo de música, teatro, cine, contacontos en inglés para 2º, rutas urbanas e a excursión fin de curso ao Centro de Turismo Equestre de O Ventoso en Laracha.
- -Favoreceuse a integración e a atención á diversidade de todo o alumnado.

METODOLOXÍA E AVALIACIÓN

- O número de alumnos por aula foi moi elevado nos cursos de segundo (27 nalgũa aula) para poder levar a cabo un tipo de ensino que potencie as características de cada un deles e así atender as individualidades situadas a ambos extremos da media. De todos os xeitos, traballouse de forma activa e participativa tendo en conta as capacidades de cada alumno.
- Fíxose unha avaliación continua e global valorando a adquisición das competencias das básicas, o traballo diario da aula, a súa actitude diante do mesmo, o interese, orde e limpeza na presentación dos traballos.
- En 1º, dificultou a nosa tarefa, traballar con libros de textos antigos que unificaban dúas áreas (ciencias sociais e ciencias naturais) porque tiñamos constantemente que alterar a orde dos temas, avanzando e retrocedendo segundo o programa. Así o nivel de dificultade dos temas non estaban adaptados ao nivel lecto–escritor do alumnado.
- Contouse con profesorado de apoio, pero non tiña suficiente tempo para atender ás crecentes necesidades, quedando nenos/as pendentes de diagnóstico ou de atención. Sería necesario recuperar a figura do profesorado de apoio a minorías.
- Pensamos que as actuacións que se realicen no salón de usos múltiples deberían contar como público como máximo de dous niveis

porque os do final non escoitan nin ven.

- Por último, consideramos que, ante problemas que xurdiron ao longo do curso, debíanse de ter tomadas decisións máis contundentes e rápidas (casos de absentismo e de comportamento disruptivos).

4.3.- MEMORIA DO 3º - 4º NIVEIS DE PRIMARIA

Ao longo deste curso escolar 2014-2015 traballáronse as competencias plantexadas ao comezo do curso, obtendo en maior ou menor grao a consecución dos mesmos obxectivos segundo os casos.

1. Continuamos coa potenciación da lingua galega con numerosas actividades para mellorar a competencia oral acadando mellores resultados, pero aínda haberá que seguir insistindo para poder considerar os resultados satisfactorios.

2. Como observamos en cursos anteriores a falla de atención e dispersión mental do alumnado fixo necesario desenvolver actividades para atallar este problema. Consideramos que temos que insistir máis para acadar un mellor rendemento académico.

3. Acadouse un resultado bastante satisfactorio nas actividades lectoras, a través do proxecto “Plan de lectura por lecer” e contamos coa colaboración das familias para fomentar a lectura diaria nas casas.

Utilizaron bastante a Biblioteca do Colexio, participando nas actividades propostas pola mesma.

Colaborouse co proxecto “Plan Anual de Lectura” (os nenos leron dous libros e tiveron encontros cos autores).

4.Traballáronse estratexias para mellorar o razoamento lóxico-matemático para a resolución de problemas e a realización de operacións elementais de cálculo.

5.Traballamos tamén diferentes técnicas de estudo, valorando a necesidade do esforzo persoal para consolidar as aprendizaxes.

6. Os titores de 3º e 4º de Primaria consideramos importante seguir co proceso de adquisición de hábitos sociais (aprender a escoitar ...) así como seguir coa prevención e resolución pacífica de conflitos, implicando tamén ao alumnado no respecto á Comunidade Educativa e a contorna.

7.Tamén realizáronse traballos promovendo hábitos saudables e o coidado

do medio ambiente, empregando o Horto Escolar como recurso. Valoramos positivamente a saída á Granxa Escola de Beelle por parte do alumnado de 4º nivel, na que tiveron a oportunidade de realizar unha serie de obradoiros en contacto coa natureza, descoñecida para moitos dos nosos alumnos, inmersos nunha realidade urbana.

8. A experiencia do alumnado do 3º nivel de traballar co antigo libro de Coñecemento do Medio (libro que desapareceu coa LOMCE) presentou inconvintes a nivel organizativo ao estar mesturadas as dúas materias (Sociais e Naturais).

9. Na proba de avaliación externa do 3º Nivel, percibiuse malestar e preocupación por parte das familias e -en xeral- por parte de toda a Comunidade Educativa (unha cuarta parte do alumnado non asistiu ao Centro).

10. Valoramos positivamente as saídas feitas este curso (MAC, Belas Artes, CGAI...).

4.4.- NIVEIS DE 5º - 6º DE PRIMARIA

Os obxectivos propostos a principio de curso para estes niveis lograronse coa maioría do alumnado, tanto nos aspectos curriculares como en hábitos e actitudes.

A excepción prodúcese co primeiro obxectivo previsto, en canto a conseguir que o alumnado preste e manteña atención e concentración nas tarefas, evite ruídos, permaneza en silencio... que resulta non só difícil de conseguir, senón de manter no tempo, tanto na aula, como nas filas, nos corredores, nos patios, no salón de usos múltiples, nas saídas... Apréciase unha mellora no comportamento durante as entradas e saídas da aula, pero é preciso seguir incidindo nestes aspectos.

Con respecto aos hábitos e técnicas de estudo, os obxectivos acádanse nun grao axeitado. As dificultades máis grandes mostráronas nas estratexias para a resolución de problemas e, en moitas titorías, no cálculo.

En canto á área de lingua resulta máis dificultosa a lectura expresiva, a adquisición e/ou incorporación do novo vocabulario, a corrección ortográfica e sintáctica e a axeitada presentación dos escritos de produción propia.

Traballouse, coma sempre, no uso normalizado da Lingua Galega tanto na expresión oral, coma na escrita. O alumnado en xeral, aprecia e valora o Galego, aínda que non xeneraliza o seu uso.

Participamos nas actividades de Feirán propostas polo EDLG.

O alumnado segue a participar nas actividades de Voz Natura.

Seguimos tamén coas actividades propostas no Plan Lector que van explicitadas na memoria do devandito Plan.

Tal como se mencionou nos obxectivos para a PXA, o profesorado destes niveis considera o teatro como unha actividade que contribúe de xeito importante á formación do alumnado. Este curso o alumnado de 5º e 6º participou na preparación e representación da obra “A Fruta Máxica”. O profesorado colaborou en tarefas de vestiario, maquillaxe...

Seguiu funcionando o grupo Bubelas formado este curso polo alumnado de 6º A, que representou tres obras de teatro ao longo do curso. Unha no Nadal, outra na semana do libro (en colaboración coa biblioteca) e outra na Semana do Teatro.

No presente curso os desdobres para afianzar a conversación en inglés fixéronse de xeito diferente, debido á dificultade dos horarios das profesoras. Estas manifestan a súa intención de seguir cos desdobres e apoios para a mellora da expresión oral, sempre que os horarios o permitan.

Continuamos neste curso a nosa andadura no proxecto “ABALAR e no manexo da aula virtual.

O alumnado de 6º realizou un obradoiro de medios de comunicación da Voz de Galicia.

Todo o alumnado participou nunhas charlas, á cargo da nai dunha alumna de 6º, sobre a sensibilización do alumnado con respecto á doazón de órganos.

Tamén participaron nos obradoiros levados a cabo no centro para a integración do centro no proxecto Ancas.

Fixéronse as saídas prevista na PXA. A maiores, todo o alumnado visitou e participou na exposición sobre Picasso do Museo de Arte Contemporáneo. O alumnado de 6º realizou a saída de Fin de Primaria dunha duración de tres días a un albergue de ecoturismo.

O alumnado de 6º de Primaria de Relixión Católica e Evanxélica visitou no primeiro trimestre a Institución Benéfico Social Padre Rubinos, acompañados polas súas profesoras. Con motivo desta visita e, como se ven xa facendo os últimos anos, realizouse nos primeiros días do mes de decembro, unha recollida de alimentos e produtos de hixiene, destinada a dita Institución. Toda a

comunidade educativa foi invitada a participar.

O alumnado de 5º participou nun taller organizado pola ONG “Entre culturas”.

5.- EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA.

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG) do CEIP Emilia Pardo Bazán do curso 2014-2015 estivo formado por mestres que representaban aos diferentes ciclos de Educación Infantil e Primaria. O seu obxectivo principal é potenciar a nosa lingua como linguaxe vehicular útil e promover o coñecemento da nosa cultura e a curiosidade polo coñecemento empregando para iso a organización de diferentes actividades ao longo do curso.

Actividades realizadas:

Realización do proxecto lingüístico de centro:

Durante o primeiro trimestre do curso 2014-2015 o Equipo de Dinamización da Lingua Galega actualizou o Proxecto Lingüístico de centro a partires das enquisas realizadas ás familias o curso pasado.

Os resultados destas enquisas permitiron coñecer mellor a realidade sociolingüística do centro para así adaptar os obxectivos propostos e as actividades que se planifican e foron empregados na realización do proxecto de fomento da Lingua Galega deste curso.

CLUB DE AMIGOS DE FEIRÁN:

Esta actividade, iniciada no curso 2010-2011, seguiu a ter continuidade, habendo un total de case 275 rapaces e rapazas de Educación Primaria que participaron nalgunha das tres preguntas que se chegaron a formular. En xeral existe máis participación nos cursos baixos que nos altos e notamos que depende moito da colaboración do mestre titor que aproveita a actividade como parte da área de Lingua Galega ou que simplemente se limita a deixar que o alumnado se anime a participar por iniciativa propia.

A actividade estanos a dar moi bo resultado, sendo parte do día a día do centro. É unha boa maneira de que o alumnado mellore a expresión escrita e coñeza máis cousas sobre a cultura galega. Cando se trata de búsqueda de

información, aínda que a responsabilidade de comunicar na casa o traballo a realizar e de pedir axuda recae no alumnado, vese que en moitos casos hai unha colaboración das familias e unha aprendizaxe real por parte dos nenos e nenas.

A final de curso fixemos entrega duns agasallos, coa finalidade de premiar aos alumnos que participaron, animándoos a que participen máis activamente no vindeiro curso.

DIFUSIÓN DE MÚSICA GALEGA MEDIANTE A MEGAFONÍA.

Aproveitamos que no noso colexio se pon música para indicar as entradas e saídas nos dous edificios que forman o colexio, para fomentar a música en lingua galega, sexa ou non tradicional.

En Educación Infantil, sacando excepcións puntuais, as cancións empregadas son sacadas de discos de música infantil galega, que na actualidade podemos atopar con máis facilidade nos mercados.

No que respecta ás entradas e saídas no edificio de Primaria, imos turnando con outras actividades que realizan outros equipos, pero tamén o empregamos como unha boa forma de difusión da música popular galega. Seguiremos en posteriores cursos traballando con este tipo de potenciación da música galega, pois percibimos que pouco a pouco o alumnado vaise familiarizando coa canción que se lles pon durante un par de semanas.

CELEBRACIÓN DE FESTAS E TRADICIÓN GALEGAS:

A celebración de festas tradicionais galegas ou ben o dar a coñecelas forma parte das actividades que sempre o Equipo de Dinamización da Lingua Galega organizou. Durante este curso realizáronse as seguintes:

* **O Samaín:** A pesar de que no noso colexio o profesorado de inglés ten moi institucionalizada a festa do Halloween e nese senso atopámonos cunha situación difícil, tentamos relacionar as dúas festividades facendo máis fincapé na "decoración" das cabazas como típico tamén de Galicia.

* **O Magosto:** A parte do tradicional asado de castañas, tentamos non perder a tradición de crear colares de castañas, de zonchos, pedíndolle aos nenos e nenas que traian os seus e realizando unha exposición cos mesmos. Con esta actividade tamén pretendemos involucrar ás familias.

Ao final realizamos dous cartaces (un cos alumnos de primaria e outro cos alumnos de infantil) onde aparecen os participantes cos seus colares, que foi exposto nos dous edificios para animalos a volver a facelos para o seguinte curso.

-Levou a cabo un concurso gastronómico en colaboración co equipo de actividades extraescolares, na que os alumnos traían e elaboraban nas súas casas pratos e doces típicos do outono con produtos desta época. Expuséronse do taboleiro do colexio e ao final confeccionouse un libro con todas as recetas que aportaron.

*** O Nadal:**

- Aproveitamos o Nadal para pedirles aos alumnos que lle escribisen unha postal a Feirán, os nenos fixeron unhas postais moi traballadas que foron expostas no taboleiro do colexio.

- No festival de Nadal, organizado en colaboración co Equipo de Actividades Extraescolares, unha clase de primeiro de Primaria (1º C), escenificou a obra “Un belén na nosa aldea”, e a clase de 6º A, representou a obra , “En folga!”.

*** O Entroido:** Durante estas datas empregamos o club de amigos de Feirán para que o alumnado investigase sobre en que lugar de Galicia se botan formigas á xente durante o Entroido, chamoulles moito a atención que se fixera isto e buscaron a información, acertando todos os participantes.

Ademais, como todos os anos, o venres de Entroido realizouse o popular desfile que se organiza en colaboración co Equipo de Actividades Extraescolares e degustáronse produtos típicos destas datas grazas á colaboración da ANPA.

GRUPO DE TEATRO INTERAULAS .

Tras levar varios anos creando grupos de teatro con rapaces e rapazas de diferentes cursos, a actividade está totalmente instaurada no noso colexio. Os actores son nenas e nenos que se presentan voluntariamente ou animados por titores ou especialistas para participar, tendo que ensaiar durante algúns recreos.

Durante este curso, levou a cabo a ópera “A fruta máxica” de Mozart, cos alumnos de 2º e 3º ciclo. Participamos no certame de teatro Candilejas Don Bosco de novo para que rapazas e rapaces tivesen a oportunidade de pasar por unha

experiencia única coñecendo o mundo do teatro dunha forma máis seria que para o festival de fin de curso. O traballo feito polo alumnado e polo profesorado que o coordinou foi impresionante, mostrando unha calidade propia de actores profesionais. A maiores a colaboración das familias para a consecución dos traxes e do persoal non docente do centro, a implicación de gran parte do profesorado para encargarse do coidado do alumnado, a organización do vestiario, a maquillaxe, o son, as luces, o escaerario,... fixo posible que se levase a cabo a actividade con éxito.

SEMANA DO TEATRO NO COLEXIO.

Escenificouse de novo “A Fruta Máxica” no colexio Calvo Sotelo á que acudiu todo o alumnado de primaria, que se desprazou coa axuda e colaboración de todos os profesores. Escenificáronse outras obras de teatro que foron traballadas en distintas aulas: “Nais, quen as entende”, polo alumnado de 6º A, “Non fai falta a voz” realizada polos alumnos de 1º C, e un fragmento da obra “A Fruta Máxica” que se representou no colexio para os alumnos de Educación Infantil.

Esta é unha boa forma de dar a coñecer a todo o alumnado do centro que é o que fan os seus compañeiros, potenciando o uso da lingua galega oral dunha forma expresiva e lúdica.

Exposición interclases de traballos ou contacontos.

Tendo o galego como lingua vehicular, propónselle a todo o profesorado que aproveite a creación de contos ou outros traballos para expoñelos noutras clases, creando un clima de colaboración e relacións interclases ao mesmo tempo que as persoas que realizan a exposición ou contacontos traballan a competencia lingüística tanto no seu ámbito escrito como oral.

CONMEMORACIÓN DO DÍA DE ROSALÍA.

Para a conmemoración do día de Rosalía os titores realizaron actividades desde as súas aulas, ademais adicouselle gran parte do festival das Letras Galegas a esta poetisa.

Conmemoración da Semana das Letras Galegas.

Para conmemorar a Semana das Letras Galegas, realizouse un mural cos

carteis do homenaxeado deste ano, Xosé Filgueira Valverde, e buscáronse actividades para suxerirlas aos mestres titores.

Preparamos 2 festivais para Educación Primaria , un para 1º, 2º e 3º , e outro para 4º, 5º e 6º e un festival para Educación Infantil.

Neste festival ademais de presentar e dar a coñecer ao homenaxeado, preparamos unha pequena representación teatral sobre a Rosalía de Castro, a partires do libro de “Rosalía Pequeniña”, onde se recollen poesías musicadas.

Tamén tivemos a participación dun grupo de nenos de 3º C que cantaron unha regueifa, unhas alumnas de 4º B que cantaron, tocaron coas guitarras e coreografiaron “Miña terra Galega”, por último unhas nenas de 6º cantaron a capela “Adios ríos, adios fontes”.

Despois houbo unha “Batalla de poesías”, onde cada nivel preparou unha poesía de maneira libre (todo o grupo, en pequenos grupos, cantada...),. Realizouse dende o sitio para non subir todos os grupos ao escenario.

Por último os alumnos do 1º festival cantaron ”O Rap da lingua”, e para poñer fin ao festival cantaron todos xuntos “O himno Galego”.O festival en xeral saiu moi ben a pesar do pouco tempo que lle puidemos adicar para preparalo, conseguimos que participasen moitos alumnos.

Os alumnos de 6º de Educación Infantil, participaron na conmemoración do Día das Letras Galegas cunha obra de teatro “O piollo e a pulga”, facendo dous pases da obra, o 1º para as familias e un 2º pase para os compañeiros.

Para levar a cabo esta representación contamos coa colaboración das familias, das mestras e do persoal non docente, que elaboraron o vestiario, decorados....

Realización de carteis informativos co nome das árbores do recinto escolar.

Durante este curso, plantexámonos meternos de cheo na sinalización das plantas que se poden observar dentro do recinto escolar, comezando polas árbores, por ser as máis sobresaíntes.

Mercamos uns pirograbadores co fin de facer os carteis con esta técnica pero foi inviable, era moi laborioso e as puntas dos pirograbadores non valían

para o tipo de letra que queríamos poñer, así que ao final decidimos pintar os carteis e vernizalos.

Esta actividade continuarémola para o vindeiro curso.

Unha serie de actividades previstas para este curso non se levaron a cabo por falla de tempo:

- Celebración dos maíos.
- Organización do V concurso Artístico-literario.
- III Festival de Cancións Populares Galegas
- Visualizar as actividades mediante a revista virtual e a páxina web do colexio.
- Revisar os fondos da Biblioteca Escolar.

6.- COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA.

No CEIP Emilia Pardo Bazán de A Coruña no curso 2014-2015 a CCP reuniuse un total de nove veces para tratar diversos temas.

Os puntos tratados foron os seguintes:

- Constitución da CCP, composición, diferentes equipos e comisión. Neste apartado decidiuse que acudirá un representante de cada nivel a estas reunión xa que desapareceron os Ciclos. Tamén asistirá a Señora Orientadora como único representante dese Departamento.
- Propostas de obxectivos da CCP e do DO para a PXA.
- Avaliación individualizada no Terceiro Nivel.
- Decisión de datas de avaliación, programacións, festivais, mostra de teatro , celebracións, rastrillo e saídas.
- Normas de organización e funcionamento.
- Equipamento para o novo aulario de Educación Infantil e traslado do existente.
- Absentismo escolar.
- Observatorio de convivencia.

- Proxecto de teatro con Axuda en Acción.
- Proxecto lingüístico do centro.

Ademais de todos estes puntos, na CCP, o mesmo que nos claustros informouse das novidades que atinxen ao centro, así coma a posta en común das decisións e suxestións de saídas, das reunións dos distintos niveis, departamentos e comisións, co fin de que exista unha boa comunicación no centro.

7.-DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

No presente curso 2014/2015, o equipo de atención á diversidade, estivo formado por 4 mestras de Pedagogía Terapéutica, dúas mestras de AL (unha delas compartida co IES Rafael Dieste) e a orientadora.

Con respecto ao curso anterior, viuse reducido o horario da segunda mestra de AL, o que unido a que se incorporaron ao centro varios alumnos con NEE, orixinou que quedasen sen ningún tipo de atención 30 alumnos de primaria con diferentes necesidades no ámbito lingüístico.

Hai 4 Auxiliares Técnico Educativas para a atención ao alumnado con NEE, tres delas a tempo total e unha en situación de compartida (asiste ao noso centro os martes, mércores e xoves)

O centro ten habilitada unha aula de EDUCACIÓN ESPECIAL, dende o comezo do curso 2013-2014, na que está escolarizado un alumno.

Tendo en conta a dificultade de traballar co alumno de E.E., a mestra de PT de educación infantil apoiou, dende o comezo de curso, 4 sesións semanais a dito alumno, e a distribución do profesorado de apoio foi a seguinte:

CADRO DE PROFESORADO ESPECIALISTA PT / AL curso 14-15	
PT -3	Educación infantil + Apoio de alumno de aula de EE
PT-4	AULA DE EDUCACION ESPECIAL + Apoio a alumna de educación infantil e 1 alumno de primaria no primeiro trimestre // no 2º e 3º trimestre a 1 alumno de 1º e 4 alumnos de 2º de primaria.
PT-2	Alumnado de 1º-2º-3º
PT-1	Alumnado de 4º, 5º, 6º
AL compartida	Alumnado de infantil
AL-1	Alumnado de primaria

CADRO DE PERSOAL COIDADOR A.T.E. curso 14-15	
A.T.E. 1	Educación infantil +1º de primaria (luns, venres) E. Primaria (martes, mércores xoves. (alumnado de 1º e 3º de primaria)

A.T.E. 2	AULA DE EDUCACION ESPECIAL
A.T.E. 3	Alumna de educación infantil
A.T.E. 4	
Compartida	Educación infantil (martes, mércores e xoves)

Ao longo do curso, houbo en xeral, un intercambio de información constante entre o profesorado de apoio e as familias, e sempre que foi posible unha coordinación das actuacións entre centro, familia e, no caso de que procedera, cos profesionais externos que interveñen co alumnado.

A nivel de DO, o período caracterizouse por un amplo número de demandas de intervención, e as actuacións tanto a nivel de alumnado, como de familias, referíronse a problemáticas moi diversas.

CICLO NIVEL	ALUMNADO CURSO 2014-15					CURSO 2015-16
	COLEXIO	APOIO Audición e linguaxe	APOIO PT	REFORZO/APOIO doutro PROFESORADO	ALUMNADO CON ACI	Alumnado flexibiliza / REPITE CURSO
INF	218	11	8			2
1º	66	6	4		1	3
2º	78	3?	7	1+Grupo clase de 2º*	0	2
3º	72	2	3	1	3	0
4º	71	1	3	3	1	1
5º	74	1	1		1	3
6º	74	2	4		2	0
TOTAL	653	26	30	5	8	11

Un grupo clase de 2º* tivo que ser apoiado por varios mestres/as, durante o terceiro trimestre, debido ao comportamento tan disruptivo que presentaban varios/as alumnos/as e que impedían o desenvolvemento normal das clases.

Dende a xefatura do departamento, as reunións coas familias, nalgúns casos adquiriron certa periodicidade e noutros tiveron un carácter máis puntual.

A valoración e/ou seguimento do alumnado realizouse, na maioría dos casos, a nivel individual, pero tamén houbo algunhas intervencións a nivel de grupo clase e se realizaron probas colectivas de eficacia lectora nalgúns cursos de Educación Primaria.

CURSO 2014 -15		XEFATURA DE DEPARTAMENTO		
NIVEL EDUCATIVO	Demandas de intervención DO	ALUMNADO co que se realizou valoración, intervención, e/ou seguimento	Nº de familias coas que se mantivo algún contacto.	Nº de alumnos para os que se contactou con profesionais externos ao centro
Educación Infantil	16	16	11	6
1º	7	7	7	4
2º	11	11	10	4
3º	12	12	12	7
4º	7	6	5	4
5º	7	5	5	3
6º	7	4	6	3
TOTAL	67	61	56	31

Entre as actuacións levadas a cabo ao longo do curso dende o departamento de orientación están:

- Organización dos apoios
- Reunións periódicas do Departamento de orientación.
- DRdadi
- Reunións de coordinación do equipo de atención á diversidade.
- Elaboración, revisións e seguimento de ACIS.
- Solicitudes de flexibilización en EI.
- Peticións de intervención de especialistas EOE.
- Búsqueda e elaboración de material para titores e familias que así o

solicitaron.

- Avaliación e/ou seguimento de alumnado e elaboración de informes para: Becas MEC, ACI, flexibilizacións, intervención de EOE, para posibles valoracións no ámbito clínico, derivación a apoios en centros cívicos municipais e para alumnado con NEAE que remata educación primaria.
- Elaboración de listado de alumnado con necesidades de apoio específico, para xustificar a necesidade de profesorado especialista, en pedagogía terapéutica e audición e linguaxe, por enriba de catálogo.
- Participación nas sesións trimestrais de avaliación.
- Elaboración de informes trimestrais de alumnado que recibe apoio de PT e/ou AL.
- Elaboración da memoria do DO.
- DRORIENTA.
- Contactos con profesionais externos ao centro:
 - EOE
 - ASPANAES
 - Centro de recursos: Colexio Nosa Señora do Rosario.
 - Hospital Materno Infantil. Unidade de Atención Temperá.
 - Centros Cívicos de Los Rosales e Labañou.
 - Servizo de Inspección.
 - Saúde Mental Infantil.
 - Profesionais do sector privado que atenden a alumnos do centro.
 - Reunión mensual de coordinación con Orientadores da zona.
 - Coordinación co instituto da zona, ao que se incorporarán a maioría dos alumnos do centro para cursar a ESO o vindeiro curso: IES Salvador de Madariaga.
 - Orientadoras/es de centros de procedencia e ou destino de alumnos do centro, sempre que se considerou necesario obter ou transmitir información sobre a problemática do alumnado.

Profesorado do departamento de orientación:

- Impartiu charlas ás familias do alumnado de 2º a 5º de primaria, sobre técnicas de estudo.
- Participou tanto nas actividades de formación promovidas polo propio centro e outras entidades (“35º Aniversario de ASPANAES” “XORNADA SOBRE ESCOLA INCLUSIVA” organizada por ANHIDA...)
- Potenciou a inclusión de alumnado con NEAE no grupo de teatro INTERAULAS coa súa participación na obra “A Fruta Máxica”. Dúas mestras do departamento xunto cun dos mestres de música, adaptaron a obra e levaron o peso dos ensaios ao longo do curso dos corenta nenos participantes, cun esforzo inmenso por parte de todos os participantes, un resultado espectacular, e un merecidísimo premio no certame de teatro intercentros.

Dende o departamento potenciouse, tamén, a participación na xornada anual de “Encontro de orientadores, de profesorado e familia implicado, para relatar a experiencia que levaron a cabo, o pasado curso, co obxecto de facilitar a inclusión na aula por medio de videoconferencia, dun alumno de educación infantil que non podía asistir presencialmente ao centro. “Favorecendo a inclusión: Programa Específico de atención educativa domiciliaria”.

ALGUNHAS DIFICULTADES ATOPADAS AO LONGO DO CURSO

- A nova configuración do departamento de orientación, na que, agás a coordinadora de infantil, deixaron de formar parte os/as coordinadores/as dos ciclos, tras a súa desaparición dos centros no presente curso, dificultou a chegada de información dos diferentes niveis de primaria e a propia dinámica do departamento. O feito de que a orientadora sexa nova no centro e estivese adscrita a un ciclo concreto ao longo do curso tampouco facilitaron as tarefas propias do departamento.

- O elevado número de alumnado con NEAE:

- Imposibilita o poder atender a todo o alumnado que o precisa, por falta de disponibilidad horaria de profesorado especialista.

- Orixina moitas dificultades para poder participar nas reunións de profesorado coas familias deste alumnado, dada a simultaneidade horaria das mesmas.

- Fai que as avaliacións, intervencións e /ou seguimentos de alumnado e as coordinacións co profesorado e familias, non poidan ser o suficientemente amplas e sistemáticas como, algúns casos especialmente, precisan.

- Con respecto a Aula de E.E., o profesorado especialista manifestou ao longo de todo o curso a súa especial preocupación polas dificultades e perigos que está a ocasionar a incorporación do alumno ás súas clases.

PROPOSTAS DE MELLORA

- Solventar, na medida do posible, as dificultades atopadas no epígrafe anterior.

- En xeral os obxectivos establecidos ao comezo de curso na PXA, cumpríronse en maior ou menor medida, agás os seguintes, nos que haberá que incidir especialmente no vindeiro curso:

- Potenciar o desenvolvemento da conciencia fonolóxica no alumnado de 6º de EI en colaboración co equipo docente e intentar realizar unha avaliación final do grado de adquisición da mesma, antes do paso deste alumnado á educación primaria.

- Elaboración do Plan de Acción Titorial.

- Por último sinalar que unha medida que pode contribuír a facilitar o apoio ao máximo número de alumnado que o precisa, é a anticipación do comezo dos apoios por parte do profesorado con dispoñibilidade horaria.

7.1.- MEMORIA AULA ESPECÍFICA EDUCACIÓN ESPECIAL

No centro desde o curso pasado hai creada unha aula de educación especial, nela atópase escolarizado un alumno.

Este alumno acude con regularidade ao centro e está apoiado en todo momento por dúas mestras de pedagogía terapéutica e unha coidadora.

Durante practicamente todo o curso estivemos nunha aula que non estaba adaptada, ao final do curso habilitaronnos unha nova aula: chan acolchado e

protección do radiador. Estamos á espera do mobiliario adaptado que se solicitou á Xunta.

Acude á aula ordinaria co resto do grupo en distintos momentos da xornada escolar e ás especialidades (música, educación física, inglés e relixión). Ao longo do curso incorporouse de maneira variable dependendo das súas condicións persoais. O tempo de asistencia á aula ordinaria foi diminuíndo.

8.- OBSERVATORIO DA CONVIVENCIA.

Neste curso renovouse parcialmente a representación do alumnado no Observatorio da Convivencia xa que un dos seus representantes rematou xa a Educación Primaria e nomeouse un novo responsable.

Con respecto á representación do alumnado, tras a votación, que neste curso correspondía ao alumnado de 5º nivel, resultou elixido un alumno de 5º curso de primaria.

Na primeira xuntanza o director do centro, nomeou como responsable de dinamización do Observatorio de Convivencia Escolar ao Xefe de Estudos, segundo o Decreto 85/2007 do 12 de abril, que crea e regula o Observatorio de Convivencia Escolar. Tamén acordáronse os obxectivos que se pretenderon desenvolver dende o Observatorio de Convivencia para o curso 2014-15, entre eles estaban:

- Continuouse co desenvolvemento do Observatorio de Convivencia iniciado en cursos anteriores desenvolvendo as liñas básicas segundo as propostas feitas dende a Comisión de Coordinación Pedagóxica. Coa publicación da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, e o Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, que a desenvolve, a figura do Observatorio da Convivencia desapareceu transformándose na Comisión de Convivencia.
- Continuouse co Proxecto de centro: "Educar para traballar en silencio sen ruído"; evitar ruidos nas entradas e saídas, nos traslados de aula, nos pasillos, se ben os resultados obtidos ate o momento non poden considerarse satisfactorios.
- Seguiuse o Protocolo Xeral de prevención, feito pola Xunta para prever e evitar o acoso escolar, se ben empregáronse medidas máis sinxelas para a comunicación coas familias que as sinaladas no citado

protocolo.

- Continuouse co control do absentismo escolar dende as titorías, Xefatura de Estudos e Orientación., abríndose varios protocolos de absentismo escolar ao alumnado de educación primaria.
- A busca de propostas de implicación e participación por parte de toda a comunidade educativa, no desenvolvemento do Observatorio de Convivencia e/ou Comisión de Convivencia non ofreceron os resultados esperados en tódolos casos.
- Aplicouse o protocolo de actuación ante as condutas disruptivas, pero non resultou totalmente eficaz no caso dalgún alumnado polo que haberá que buscar solucións máis eficaces nos vindeiros cursos escolares.
- A acción titorial tivo un peso moi importante na aplicación das sancións e expulsións do alumnado con actitudes e comportamentos contrarios ás normas de convivencia.
- A realidade diaria de funcionamento do colexio plantexa a necesidade dunha aplicación unificada das “Normas de Aula”, para mellorar a coordinación e colaboración de todo o persoal do centro no cumprimento das citadas normas.
- O desenvolvemento de diferentes actividades para a prevención e/ou solución de posibles conflitos que xurdiron no ámbito educativo, tiveron como referente principal o/a titor/a, pero houbo casos nos que a situación trascendeu ate o seguinte nivel de actuación (xefatura de estudos). Nalgúns destes casos a dirección do centro tivo que intervir para dictar medidas disciplinarias dirixidas ao alumnado. Algunhas destas medidas afectaron á perda do dereito de asistencia a determinadas actividades complementarias tales coma saídas didácticas e/ou suspensión da asistencia temporal ao comedor escolar.

Finalmente, a valoración que se pode facer da convivencia no CEIP Emilia Pardo Bazán, é positiva xa que, aínda que moitos dos obxectivos propostos a principio de curso están en proceso, outros foron acadados satisfactoriamente.

9.- MEMORIA DE BIBLIOTECA.

9.1.- ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DA BIBLIOTECA.

A Comisión da Biblioteca estivo formada durante este curso por trece profesores/as.

Adquisición, xestión e organización de novos fondos:

Adquirimos novos documentos, tanto de información como de ficción, e tanto en soporte de papel como audiovisual ou informático. Dos fondos adquiridos catalogamos algo máis de 200 documentos. Realizouse tamén un expurgo de 150 documentos que estaban xa moi obsoletos ou deteriorados.

“Programa MEIGA”:

Seguimos a empregar o programa “Meiga” de xestión bibliotecaria, para catalogar os novos documentos e xestionar os empréstitos. Durante este curso non funcionou moi ben. Tivemos problemas coa xestión de fondos emprestados pois nas listaxes de fondos por devolver fora de prazo non aparecen moitos deles. Esta situación deuse tamén en moitas outras bibliotecas escolares que amosaron a súa protesta no foro do PLAMBE ante a falta de resposta ás súas queixas por parte dos administradores do programa.

Tamén outro motivo de queixa é que as portadas dos documentos do noso catálogo en internet non aparecen actualizadas. É unha tarefa laboriosa (escaneado, redución do tamaño da imaxe nun programa axeitado e envío por correo coa asignación do respectivo ISBN) pero pensamos que compensa o traballo, xa que axúdanos a localizar con máis facilidade o documento e tamén aos alumnos, e dá unha visión máis completa. Pero este curso, por máis que se envían os correos coas imaxes, non actualizan.

Durante este curso, a páxina web de REBECA (base de datos de rexistros bibliográficos do MEC, que actúa como fonte de recursos para a catalogación automatizada) funcionou ben, sen os problemas que tivo o curso pasado.

Ao longo do curso, instalouse un acceso directo ao catálogo da B.E. en internet nos equipos informáticos das aulas de E. P. agás nas aulas de 5º e 6º.

Préstamos:

Preparamos os novos carnés de lector para o alumnado e profesorado que chegou por primeira vez ao Centro e tamén para os que o perderon. Ademais

asígnase a cada número de carnet o curso e aula que lle correspondeu ao seu dono este curso escolar, o que facilita determinadas búsquedas.

Continuamos coa mesma política de préstamos que seguimos ata agora. O 14 de outubro abríuse a Sala e a partir de entón mantívose aberta durante toda a xornada escolar (de 9 a 14 h.) e pola tarde, de 16 a 18 h. (agás o luns) atendida polo profesorado de garda. Efectuáronse préstamos durante o recreo e pola tarde; tamén os titores prestaron ás súas titorías.

Realizáronse case 2.800 préstamos, o que supón un importante incremento con respecto ao curso anterior. Houbo asimismo unha moi notable afluencia de alumnos no recreo e poucos pola tarde.

DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS. INTEGRACIÓN NO TRATAMENTO DO CURRÍCULO E A SÚA CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

- DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS

Exposicións temáticas:

- Exposición de Novidades de Outono, coa que abrimos a B.E. no mes de outubro.
- Exposición sobre o Medo, que sempre ten moi boa acollida por parte do alumnado.
- Exposición de Nadal, no mes de decembro.
- Exposición de Novidades de Inverno, a partir do mes de xaneiro.
- Exposición de Novidades de Primavera.
- Exposición “E ti que les?” no mes de abril, con ocasión do Día do Libro. Os participantes nesta mostra escolleron un libro e, presentándoo diante dunha cámara fotográfica, retratáronse con el. Acompañaba á foto un breve texto explicando o motivo polo que o libro foi elixido. Con todas as fotos organizouse a exposición.

Encontros con autores:

- O alumnado do 1º mantivo un encontro co escritor El Hematocrítico.
- O alumnado de 2º participou nun encontro con Vicente Muñoz Puelles.

- O alumnado de 3º participou nun encontro con Fina Casalderrey.
- O encontro literario do alumnado de 4º foi co escritor Xelís de Toro.
- Os encontros do alumnado de 5º e 6º foron con Alicia Borrás e Leticia Costas.

Colaboración coa Biblioteca Municipal de Los Rosales:

A B. E. colaborou coa B. Municipal do barrio enviándolles as Guías de Lecturas coas recomendacións para as vacacións. Con elas, confeccionaron uns expositores cos libros recomendados nelas para seguir animando á lectura durante os períodos vacacionais.

Tamén, antes dos encontros literarios, enviamos correos a B. M. avisando da presenza dos escritores para que no seu recinto montaran unha animación lectora.

Uso da Sala da B.E. como centro de recursos:

- Uso da Sala para presentar e desenvolver diversos obradoiros, actividades de xestión académica, encontros con autores, etc,...
- Utilización dos ordenadores e uso de internet.
- Consulta do catálogo da B.E. en internet.
- Uso de xogos de xadrez no recreo, actividade que tivo unha notable demanda.

Materiais producidos:

Guías:

Entregáronse dúas guías de lectura para o alumnado e o profesorado, unha antes das vacacións de Nadal e outra antes das vacacións de verán .

Revista dixital:

Participación na revista dixital do Centro coa elaboración de varios artigos:

- Lecturas para o Nadal
- Día do Libro
- E ti que les?
- Diplomas “Leóns Dourados” 2014
- Lecturas para o verán
- Confección dun libro: “E ti que les?”

- Con todas as fotos presentadas para a exposición do mesmo nome preparouse un libro.

Diplomas “Leóns Dourados”:

- Elaboramos os Diplomas para os “Leóns Dourados”, que se entregan a aqueles alumnos /as que se distinguiron pola súa participación lectora na B.E.
- Entregamos un por curso. Nun acto ao fin de curso entregóuselles un obsequio como premio aos máis lectores da B.E., xunto co diploma.
- Tamén, no mesmo acto, sorteáronse dous agasallos entre os participantes da mostra “E ti que les?”

- INTEGRACIÓN NO TRATAMENTO DO CURRÍCULUM E A SÚA CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

Realizáronse préstamos ás aulas de documentos relacionados con temas do currículum.

Utilizouse a B.E. para facer as buscas de información que necesitou o alumnado en temas vinculados ao currículum e de cara a desenvolver as súas competencias lectoras, escritoras e das TIC.

9.2. FORMACIÓN DE USUARIOS E EDUCACIÓN DOCUMENTAL

Realizáronse visitas á B.E. do alumnado (especialmente dos primeiros niveis) acompañados dos seus titores/as para que vaian coñecendo o espazo físico, a organización dos documentos, e os servizos que ofrece.

Utilizouse asimesmo a B.E. para realizar buscas de información e investigación.

9.3. FOMENTO DA LECTURA E DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LECTOR DE CENTRO

Continuamos co “Proxecto de Lectura Silenciosa Sostida” e colaboramos na elaboración do Plan Anual de Lectura.

(Ver Memoria do Plan Anual de Lectura)

10.- MEMORIA DA COMISIÓN TIC.

10.1.- Obxectivos propostos na PXA:

- Prestar apoio no mantemento dos equipamentos informáticos do centro, constituíndo o primeiro nivel de soporte destes, contando co apoio, nesta tarefa, do asesor ou asesora TIC da zona e da UAC. (ACADADO)
- Evitar a sobrecarga de arquivos e documentos almacenados nos equipos comúns do colexio a través da súa limpeza trimestral. (EN PROCESO)
- Desenvolver actividades de formación relacionadas coas TIC (Plan de formación permanente do profesorado ou grupo de traballo). (ACADADO)
- Colaborar no deseño e desenvolvemento de actividades TIC por parte do profesorado que o solicite a través titorías individuais e grupais. (EN PROCESO)
- Dinamizar a publicación de contidos de actualidade sobre o colexio a través da páxina e galería de imaxes do colexio. (ACADADO PARCIALMENTE)
- Colaborar co responsable TIC do equipo do horto escolar na creación e publicación de material audiovisual. (EN PROCESO)
- Plasmar noutros soportes, ademais do informático, actividades no colexio documentadas no ámbito das TIC. (EN PROCESO)
- Informar ás familias do centro sobre as diferentes ferramentas de control parental existentes para unha navegación segura por Internet. (EN PROCESO)
- Iniciar as migracións dos PCs do centro equipados con Windows XP cara sistemas operativos de software libre. (ACADADO PARCIALMENTE)

10.2.- Obxectivos non incluídos na PXA do actual curso escolar:

- Trasladar o equipamento informático desde o antigo colexio de educación infantil ate o novo Aulario Infantil e realizar a súa instalación en cada unha das novas dependencias. (ACADADO)
- Migración de todo o equipamento informático do colexio ao novo rango de IP asignado ao centro pola UAC (Unidade de Atención a Centro). (ACADADO)
- Adquisición dun EDI Starboard para Audición e Linguaxe de educación primaria. (ACADADO)
- Obtención dun novo EDI con videoproxector para instalar no SUM do

novo aulario infantil suministrado pola Consellería de Cultura, Educación e O. U. (ACADADO)

- Adquisición e instalación con cargo aos gastos de funcionamento dun videoproxector de curto alcance para permitir o desdobre en dúas dependencias das sesións do EDI de educación infantil. (ACADADO)
- Incrementáronse os ordenadores na Sala de Profesorado do novo aulario infantil pasando a dispor de dous. (ACADADO)
- Realizouse a conexión en rede dos ordenadores de infantil coa fotocopiadora da Sala de Mestres Infantil. Igualmente os da Sala de Profesorado de primaria coas novas fotocopiadoras adquiridas en renting. (ACADADO)

10.3.- Propostas de mellora:

- Renovar 2 ordenadores da Sala de profesorado de E. Primaria.
- Adquirir un robot “bee-bot” programable para educación infantil.
- Renovar ordenadores nas aulas de infantil/primaria .
- Instalación dun videoproxector na aula de PT infantil.
- Reparar ou substituír ordenador portátil da aula de inglés de 1º-2º-3º EP.

11.- MEMORIA EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES (EACE).

En base aos obxectivos propostos para a PXA ó inicio do curso escolar 2014-2015 que estamos a rematar, consideramos que se alcanzaron os obxectivos propostos.

1º Utilizamos as actividades propostas por este Equipo co fin de fomentar a formación e a participación dos alumnos deste centro. Para iso realizáronse as seguintes actividades:

a- Festa de inicio de curso.

Organizamos unha serie de xogos no patio do colexio despois da hora do recreo. Este curso completamos os xogos con varios talleres de maquillaxe.

b- Festa do Magosto.

Organizouse o asado das castañas para todo o colexio. Leváronse as

castañas para os nenos de Educación Infantil para o seu patio onde houbo a visita dos castañeiros e baile.

Os nenos de E. Primaria baixaron en dúas quendas para comer as castañas e participar nos distintos xogos que estaban distribuídos polo patio.

Xunto co EDL houbo un concurso de zonchos e unha recollida de receitas feitas con ingredientes do outono. Fíxose un libro con todas as receitas recollidas e está na biblioteca do colexio. Tamén entregamos uns diplomas a todo o alumnado participante.

Elaboramos o mural da entrada do colexio.

c- O 25 de novembro conmemoramos o "Día da non violencia de xénero" co lema "Non o atures".

d- Festa do Nadal

Organizamos unha mostra de cancións de Nadal e pequenas pezas de teatro.

O mural fíxose coas aportacións de cada titoría, o conxunto de todas elas foi a felicitación do colexio.

En Educación Infantil houbo unha pequena mostra de panxoliñas.

e- Día da Paz

Este curso o lema foi "Un lapis para a paz" e cada nivel traballou unha frase alusiva ao tema e pintaron un lapis co que fixemos o mural da entrada.

Todos xuntos cantamos fora a canción que foi grabada por un grupo de nenos de 6ºA.

f- Entroido

Organizamos a festa do Entroido co lema elixido "Mudámonos, estamos en obras" debido a inauguración do aulario de Educación Infantil. Cada nivel disfrazouse dun oficio que tivera algo que ver coa construción ou posta en marcha do novo edificio. Así houbo disfraces dende os máis pequenos que ían de caixas de embalaxe ata os maiores que ían de carpinteiros pasando por limpadoras, pintores, autoridades... etc.

No mural da entrada houbo debuxos do novo e do vello edificio de Educación Infantil e o proceso do traslado de mobles.

Houbo tamén murgas e desfile polo patio do colexio dos nenos de Educación Infantil e Educación Primaria.

Rematamos coa degustación de produtos típicos destas datas, para o que

contamos coa colaboración da ANPA.

g- Rastrillo Solidario

Coa colaboración de todo o equipo de Extraescolares , o profesorado do colexio e o equipo de conxersería e limpeza organizamos o Rastrillo Solidario. O diñeiro recaudado deuse a ONG “Banco de alimentos”

h- Colaborouse tamén co equipo de Biblioteca coa representación dunha pequena peza teatral co galo do Día do Libro.

i - Letras Galegas

En Educación Primaria houbo unha mostra de poesías onde cada clase tiña a liberdade de recitalas, cantalas ou dramatizalas. Este equipo axudou ao EDLG ,que foi quen organizou esta mostra, en todo o que se lle requeri.

j- Semana do teatro

Houbo unha pequena mostra de pezas de teatro os días 19, 20 e 21 de xuño.

Xunto coa profesora María Boado organizáronse tres días de representación. A representación por parte do grupo de teatro Interaulas da súa obra para todo o Colexio de Educación Primaria e unha pequena mostra para o alumnado de Educación Infantil: "A fruta máxica".

Dous pases da última obra do grupo Bubelas para os nenos do segundo ciclo e para os do terceiro ciclo."Nais, quen as entende!"

Unha pequena representación por parte dun grupo de primeiro nivel para o alumnado do primeiro ciclo: "Non fai falta a voz".

k- Rematamos coa tradicional festa de xogos e inchables que aportan a ANPA deste colexio.

Ademais, este equipo tratou de colaborar sempre en todas aquelas actividades que así llo demandaron.

11.1.- MEMORIA DAS ACTIVIDADES DE INGLÉS

As actividades levadas a cabo no departamento de inglés ao longo do presente curso 2014-2015 foron as seguintes:

1.- Celebracións tradicionais anglosaxonas:

- Halloween (31 outubro):
- Exposición de cabazas
- Mural: tema deste curso: Monsters

- Christmas (Nadal - decembro):
- Participación no festival de Nadal cunha panxoliña en inglés: Happy Christmas (John Lennon).
- Elaboración de postais de Nadal (Xmas cards).
- Easter (Pascua - abril):
- Easter egg hunt: búsqueda dos ovos de Pascua agochados polo patio do centro.
- Easter bonnet parade: desfile de gorros de Pascua.
- Egg rolling: carreira de ovos de Pascua

2.- Charlas e obradoiros de relatores angloparlantes:

Durante o presente curso celebráronse as seguintes charlas e obradoiros:

- Back to school (25 setembro): Susana Barreiro (mestra) - 5º e 6º Primaria
- 123... magic (23 de outubro): Joshua Bernal (mago) - 5º e 6º Primaria
- It's autumn (13 novembro): Beatriz Vega (mestra) - 6º Primaria
- Let's travel to Scotland - St. Andrew's Day (4 decembro): Rupert Twine (músico) - 6º Primaria
- Ireland - St. Patrick's Day (20 marzo): Declan Matthews (actor) - 6º Primaria
- Cookery Club (1 xuño): Susana Barreiro (mestra) - 6º Primaria
- Sports in the UK (2º trimestre): relatora de OUP - 5º Primaria
- Storytellings:
- The Gruffalo (2º trimestre): OUP - 1º e 2º Primaria
- Pretty Ritty (3º trimestre): Susana Barreiro - 1º e 2º Primaria

3.- Teatro:

A ANPA do centro subvencionou as seguintes representacións teatrais en inglés, que tiveron lugar no centro no mes de decembro a cargo da compañía Face2Face:

- "Under the sea": 6º curso de Ed. Infantil e 2º curso de Primaria
- "Circus life": 4º e 6º curso de Primaria

4.- Outras actividades:

- Penpals (Amigos por carta): intercambio de cartas e postais con

alumnos/as de colexios ingleses

- Christmas Jumper Day (12 de decembro): Día do Xersei de Nadal
- Game of the month: aprendizaxe de diferentes xogos populares británicos, un por mes: Scavenger hunt, Pass the parcel, Please Mr. Crocodile, Queenie queenie, Frog in the middle, Pancake race, Egg rolling, Apple bobbing, Conkers, Duck duck goose.

11.2.- MEMORIA DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

O alumnado do noso colexio participou na maioría das actividades previstas ao inicio do curso.

A maioría das actividades nas que participamos forman parte do programa municipal “Coruña Educa “. Foron as seguintes.

NOME DO PROGRAMA	ACTIVIDADE	NIVEIS
“Son Futuro” (concertos didácticos)	“Jazz animados”	E.I. 5/E.I.6
	“A flor máis grande...”	1º/2º de E.P.
	“Hércules Bras”	3º/4º de E.P.
	“El lago de los Cisnes”	5º/6º de E.P.
“Rutas Urbanas”	“Xardin de San Carlos”	1º nivel de E.P.
	“A praza de Maria Pita”	2º nivel de E.P.
“Visitas”	Fábrica de Bonilla	1º nivel de E.P.
	Parque de Bombeiros	2º nivel de E.P.
	Museo de Belas Artes.	3º nivel de E.P.
	Museo M.A.C.	4º nivel de E.P.
	Museo Arqueolóxico	5º nivel de E.P.
	Torre de Hércules	6º nivel de E.P.
“Medio Ambiente”	Obradoiros da Ruta da Auga Visita á Telva	5º nivel de E.P.

Este curso non puidemos participar no programa teatral “Todo Público”, xa que non había as entradas suficientes para todos os niveis.

O alumnado do Primeiro Nivel e do Cuarto Nivel asistiu as proxeccións cinematográficas feitas no C.G.A.I. (Centro Galego de Arte e Imaxe).

O alumnado de 3º, 4º, 5º, 6º de Primaria participou nun Clube de Xadrez durante o tempo dos recreos, coordinado polo mestre D. Pedro de Uña Álvarez.

O alumnado de 4º, 5º e 6º de Primaria visitou a exposición que tivo lugar no Museo de Belas Artes sobre as obras de xuventude de Picasso. O alumnado do 1º

e 2º nivel visitou exposicións con obradorios que tiveron lugar no M.A.C. , no Museo de Belas Artes... así como á representación dunha obra de teatro na Fundación de Abanca (1º nivel).

Ademais tiveron lugar outras saídas: á Praza Elíptica -exposición/explicación- do material dos Bombeiros (alumnado de 4º e 6º nivel), visita a nova residencia de Padre Rubinos (alumnado de relixións do 6º nivel), teatro en Inglés, saída ao Teatro Colón para a actuación do Centro Coreográfico, encontros cos autores na biblioteca do colexio...

Salientar tamén a representación do grupo teatral do colexio no teatro Calvo Sotelo todo o alumnado de Primaria asistiu a representación. A experiencia valorouse positivamente.

Este curso comezou a colaboración do Colexio coa ONG: “Stop Accidentes” para establecer “rutas seguras” para o noso alumnado, de cara ao vindeiro curso.

Tamén tiveron lugar obradoiros para o alumnado de 6º de Primaria sobre os medios de comunicación (prensa, radio e blogs)...

Nas saídas de fin de curso visitáronse entornos naturais: zoo de Marcelle, granxa escola do Ventoso (Laracha), granxa escola de Belette (Neda) e como saída de fin de Primaria -para o alumnado do 6º nivel- a estancia de tres días no albergue de Alvarella, no parque natural das Fragas do Eume.

O volume das saídas feitas este curso é semellante as que fixemos noutros anos. A valoración feita das mesmas foi (en xeral) positiva.

11.3.- MEMORIA DO HORTO ESCOLAR

A comisión do horto escolar considera que se cumpriron satisfactoriamente os obxectivos que se pretendían lograr durante o presente curso escolar a pesar da ausencia prolongada por enfermidade da coordinadora. Os demais membros da comisión asumiron as súas funcións.

Coincidiu este curso co traslado de Educación Infantil ao novo edificio o que motivou que non se poidesen desenvolver as actividades nas parcelas adxudicadas o curso pasado.

Acordouse que as parcelas pasaran ao 1º e 2º nivel de Educación Primaria e pola necesidade de axilizar as diferentes plantacións, tiveron a axuda dos demais cursos de primaria para poder acelerar as tarefas que xa ían con retraso.

Como a evolución dos cultivos non rematou co curso escolar, propúxose

aos organizadores do campamento de verán, que se realizará no edificio antigo de infantil, se fixeran cargo do mantemento e coidado do horto escolar durante o verán. Deste xeito, os alumnos seguirían implicados e poderían realizar numerosas actividades nas que o horto escolar fora o principal centro de interés.

As zonas de cultivo da etapa de primaria resultaron bastante extensas para o seu mantemento, polo que aínda que se fixeron as labores de preparación da terra e abono queda pendente para o vindeiro curso a parte a zona do invernadoiro.

A resposta do alumnado foi moi satisfactoria e a motivación está garantizada pero o maior problema é o número de alumnos que impide que realicen tódalas sesións que nos gustaría para un mellor aproveitamento didáctico.

Un dos obxectivos prioritarios é o de educar na sensibilidade ambiental contribuindo ao coidado e mellora do noso medio.

Percibimos que pouco a pouco os alumnos aprenden como se cultivan as diferentes verduras e hortalizas ademáis das diferentes plantas ornamentais.

Continuamos coa ampliación do xardín botánico que esta a crear o alumnado de 5º e 6º nivel.

Seguimos co proxecto das plantas aromáticas: plantando, coidando e valorando as súas propiedades e utilidades.

Consideramos que mellorou o respecto ás zonas recuperadas do patio e o labirinto xa se converteu nunha zona preferida de xogo no tempo de lecer e polo tanto tentamos ampliálo o máximo posible.

Cando o alumnado leva os produtos cultivados para a súa casa co compromiso de consumilos, pretendemos promover hábitos saudables e respetuosos co medio.

As visitas de observación para ver como responden as plantas ante os cambios metereolóxicos resultaron interesantes.

Seguindo o calendario de cultivos do horto e atendendo as características de cada planta plantexamos aumentar a variedade de cultivos .

As actividades foron numerosas, destacando as seguintes:

Preparación da terra.

Plantacións de: nabos, repolos, allos, calabazas, millo, patacas, cebolas, escarolas, leitugas, fabas, xudías, chícharos, tomates, pementos, sandías e

calabacíns ...

Limpeza, coidado, conservación e ampliación do labirinto cunha gran implicación por parte do alumnado.

Plantacións de bulbos e plantas ornamentais en distintas zonas do patio.

Coidado e plantacións no pequeno “viveiro” para conseguir novas plantas para o recinto escolar.

Todas estas actividades desenvolvéronse contando coa participación dos titores/-as e as coordinadoras de cada e ciclo.

Temos que destacar o interese que manifesta o alumnado por este tipo de actividades que na maioría dos casos serve como fio conductor para introducir os diferentes contidos do currículo.

11.4.- MEMORIA PROXECTO DE TEATRO INTERAULAS

OBRA: A FRAUTA MÁXICA

O proxecto de Teatro interaulas responde á necesidade de crear situacións educativas máis abertas que as permitidas polo desenvolvemento do currículo dentro da aula ordinaria. Os obxectivos que se prantexan son os seguintes:

- Fomentar a relación entre alumnado de distintos niveis como elemento cohesionador do centro e, por extensión, do barrio.
- Favorecer a integración dos alumnos con N.E.A.E. (transitorias e permanentes), dos alumnos estranxeiros e dos alumnos con dificultades de integración, en proxectos de traballo colectivos, como semente de inclusión social.
- Estimular a manifestación das capacidades artísticas e o descubrimento de novos intereses por parte dos alumnos.
- Desenvolver nos educandos:
 - Capacidade de aceptar ao outro con todas as súas particularidades, de aprender de el e con el.
 - Responsabilidade e compromiso nas empresas comúns.
 - Capacidade de esforzo prolongado en aras dun obxectivo a longo prazo.
 - Gusto polo traballo ben feito.
 - Estimular o desenvolvemento das seguintes habilidades e

capacidades: motricidade, memoria, atención e fluidez verbal en actividades distintas das instructivas regladas.

- Responder ás necesidades de educación socio emocional dos alumnos (aceptación do erro como elemento de mellora persoal, aceptación das propias limitacións, aceptación construtiva da crítica, superación da timidez, autocontrol emocional

Este curso en concreto pretendeuse ademais o seguinte obxectivo:

- Achegamento da ópera a todo o alumnado de primaria, facendo máis comprensibles as composicións musicais apoiándonos na historia que se narra.

Para o desenvolvemento destes obxectivos, realizáronse as seguintes actividades:

- Adaptación do libreto da obra “ A fruta máxica “ aos nenos.
- Adaptación para nenos de 4 arias e dous números corais
- Adaptación de vestuario existente no centro.
- Creación de novo vestuario e complementos.
- Compra de material: atrezzo/ decorados/ maquillaxe/ electrónico...
- Elaboración de decorados.
- Elaboración de elementos de atrezzo.
- Selección, adaptación e gravación de música e intervencións dos alumnos.
- Deseño e elaboración de guias de maquillaxe .
- Elaboración de material didáctico para todo o alumnado do centro.
- Elaboración de carteis anunciadores.
- Colaboración nos preparativos e posta en escea da obra .
- Ensaio.
- Redacción e impresión de notas/autorizacións e normas enviadas ás familias.
- Edición e montaxe de DVD`s e fotografías.
- Creación do " banco de recursos " para teatro, dispoñible para todo o centro.
- Reposición de material de recursos do centro.
- Adaptación para nenos do libreto da obra “ A fruta máxica “ ,

realizada polo equipo de teatro interaulas (María Boado Valiño, María Jesús López Vila e Pedro de Uña Álvarez)

- Adaptación de 4 arias e 2 números corais realizada por Pedro de Uña.
- Adaptación de vestuario existente no centro. Selecccionouse vestuario que xa había no centro para distintos personaxes (Tamino, Sarastro...). Re-elaboráronse os traxes de Papaxeno e Papaxena, así coma o de Schikaneder, a partir de material xa existente. A encargada deste traballo foi M^a Jesús López.
- Creación de novo vestuario.
- Parte do vestuario (traxes da Raíña da Noite/Pamina/Damas guerreiras/Damas da corte da Raíña da Noite) foi elaborado por unha modista.
- Os traxes do coro e os seus complementos foron elaborados en colaboración por María Boado e Marisol Carnota (limpadora do centro), quen tamén se encargou de elaborar o traxe do monstro e doutras obras menores e arranxos de costura.
- Unha nai (Rosa M^a Gil) e unha avoa (Josefa Pérez) de alumnos do centro realizaron o traxe de Monostatos, os chaleques das escravas de Monostatos e os traxes dos mozos-guías.
- María Redondo (nai) elaborou patróns para a confección de vestidos e ensinou as mestres como cortar e coser os traxes.
- Compra de material: entre os tres compoñentes do equipo de teatro
- Elaboración de decorados e elementos de atrezzo
- Diversos complementos (coroa Raíña da Noite/ brazaletes e coleteiros das guerreiras/colar da Raíña/ estrelas e cintos dos mozos guías / paxaros de Papaxena e retrato de Pamina.... foron realizados entre a nai María Redondo e as profesoras María Boado e María Jesús López. Toda a compra de telas e material para complementos (excepto para a coroa) foi realizada polas profesoras María Boado e María Jesús López.
- Os decorados foron elaborados por Xulio Gallego voluntario pai de ex-alumna. El encargouse de mercar todo o material de pintura.
- A cabeza do monstro foi elaborada por Salomé Calvo e Marcial González pais dunha alumna, que tamén se encargaron da compra do

material para a súa confección, facendo doazón do mesmo .

- Da compra do resto do atrezzo encargáronse os profesores do Equipo.
- Da selección da música encargouse Pedro de Uña.
- Dos arranxos e das gravacións, tanto da música coma das intervencións dos alumnos encargouse María Boado. As dificultades xurdidas para lograr gravacións, cun mínimo de calidade co material do colexio, levounos a solicitar a colaboración do CFR (Centro de Formación e Recursos) que nos derivou a Escola de Imaxe e Son, onde se gravaron parte das pistas utilizadas.
- Da selección de maquillaxes, da elaboración das guías para as profesoras encargadas de vestiario e maquillaxes e a organización do maletín de cada monitora encargouse María Jesús López. Na compra dos materiais necesarios colaborou Concepción García, profesora do 6º nivel. As profesoras encargadas realizaron probas previas de maquillaxes.
- Da creación de material didáctico e de cartelería encargouse María Boado.

Ademais do equipo de teatro colaboraron na posta en escea:

- O profesor de música Carlos Vigo: transporte de material e colocación de decorados / organización de vestiario e control de son e iluminación.
- Diferentes profesoras de infantil e primaria (titoras e especialistas) ata un total de 14 persoas, encargáronse de vestir e maquillar aos actores. Colaborou tamén unha persoa allea ao centro que se ofreceu coma maquilladora.
- Profesora 2 de PT: organización entre bambalinas.
- Colaborador alleo ao centro: cambio de decorados.
- Secretario do centro: vídeo e fotografía.
- Director: instalación e control da proxección das probas do lume e a auga.

Ensaios:

Abriuse a convocatoria para a actividade de teatro a todo o alumnado de 4º, 5º e 6º nivel no mes de setembro, facendo especial fincapé no compromiso que

conlevaba a participación na actividade. Foron admitidos todos os alumnos que o solicitaron.

O reparto de papeis fíxose en función dos seguintes criterios:

- selección de voces, adaptándose a parte musical e ás posibilidades vocais dos alumnos.
- deuse prioridade en papeis de maior protagonismo aos alumnos que non participaron no ano anterior.
- preferencia de papeis de maior protagonismo a alumnos con necesidades socio-afectivas.

As modalidades de intervención dos compoñentes do equipo nos ensaios foron variando segundo as necesidades:

- Creación e supervisión de esceas: Pedro de Uña / María Boado / María Jesús López.
- Ensaio de esceas: Pedro de Uña/ María Boado/ María Jesús López.
- Control respiratorio / dicción: María Boado / Paloma Fraga.
- Ensaio individual con actores: María Jesús López / María Boado .
- Ensaio de parte cantada: Pedro de Uña / Paloma Fraga.
- Os actores eran convocados cun cartel na porta do salón de usos múltiples, responsabilizándose os alumnos de levar control da convocatoria diaria.
- As sesións de ensaio eran de 50 minutos (30' de recreo e 20' de sesión de lectura sostida) e organizáronse do seguinte xeito:
- Combináronse as sesións (musicais/dramatización/proba de vestiario)
- Unha mesma escea repetíase varios días na mesma semana ata que os actores tiñan adquirida a estrutura da mesma .
- Unha vez asentada a escea alternáronse en días sucesivos os ensaios das distintas partes para que os alumnos descansaran.
- Adicáronse algúns días a descanso de todos os actores, aproveitando os mestres para planificar e montar esceas novas, gravar material sonoro, creación de atrezzo e vestiario , control e ordenación de facturas, etc.
- Redacción e impresión de notas/ autorizacións e normas enviadas ás familias: María Jesús López e María Boado. Todo o equipo supervisou os documentos enviados ás familias.

- Edición e montaxe de DVD`s e fotografías para repartir entre as familias: encargouse M^a Boado.
- Creación do "banco de recursos" para teatro, dispoñible para todo o centro: María Boado e María Jesús López . En elaboración.
- Reposición de material de recursos do centro: María Boado e M^a Jesús López.

A FRAUTA MÁXICA	ALUMNOS/AS
Nº DE REPRESENTACIÓNS	3
ALUMNADO PARTICIPANTE	42
Nº DE NENAS	34
Nº DE NENOS	8
Nº DE ALUMNOS QUE REPRESENTARON A OBRA NO CERTAME	41
A alumna que non puido representar a obra no certame de teatro Candilejas debido a unha lesión, participou nas posteriores representacións para Primaria e Infantil.	
Nº DE ALUMNOS CON NEAE	5
Nº DE NENOS/AS CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE EDUCACIÓN AFECTIVO-EMOCIONAL	6
Nº DE NENOS/ NENAS CON CIRCUNSTANCIAS FAMILIARES DESFAVORECIDAS	4
Nº DE NENOS/NENAS CON NECESIDADES DE INTEGRACIÓN SOCIAL	3
Traballouse con todo o alumnado, atendendo a necesidades específicas de aprendizaxe tanto de carácter instructivo (hábitos atencionais incorrectos, memorización, ampliación de vocabulario....) coma afectivo-emocional (timidez, non aceptación da corrección ou do erro, dificultades para adaptar as propias capacidades ao traballo en equipo....).	
Nº DE PAIS PARTICIPANTES	5
COLABORADORES EXTERNOS	2
PERSOAL NON DOCENTE COLABORADOR.	1
PAPEL DOS PAIS PARTICIPANTES (ESPECIFICADO NO PUNTO ANTERIOR)	

12.- MEMORIA DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

12.1.-TRANSPORTE ESCOLAR

Durante este curso utilizaron o servizo de transporte escolar da Consellería de Cultura, Educación e O. U. un total de 16 alumnos/as residentes no Portiño.

12.2.- SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR, PROGRAMA DE MADRUGADORES E ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.

A Anpa do CEIP Emilia Pardo Bazán xestiona os servizos de Comedor, Madrugadores e Actividades extraescolares, e colabora en distintas actividades do dito centro.

Ademais por primeira vez no curso 2014-2015, a ANPA organizou un campamento de verán no que participan máis de 40 nenos e nenas.

A presente memoria recolle os datos máis relevantes clasificados segundo as distintas actividades que desenvolvemos:

12.2.1. SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR E MADRUGADORES

A anterior Directiva da Anpa cambiou a empresa que prestaba o servizo para o Curso 2013-2014, e continuamos coa dita empresa, Jardanay, para o curso 2014-2015.

Esta empresa foi a encargada de prestar os servizos de madrugadores e de comedor, xestionando os menús e o persoal. Os dous servizos supoñen un apoio importante á conciliación familiar e laboral das familias dos nenos e nenas que acoden ao centro.

A empresa prepara bolsas de picnic para os nenos de comedor que van de excursión.

Tamén se encargan de tramitar en nome da ANPA a presentación da subvención da Xunta para o comedor.

A relación coa empresa Jardanay foi moi satisfactoria e colaborou coa ANPA na realización de actividades extraescolares e festas como a de fin de curso. A comunicación coa empresa é fluida e houbo información e resposta rápida ás demandas plantexadas. A atención da coordinadora foi excelente e a empresa encargouse de labouras administrativas que con anterioridade facía a ANPA.

12.2.2. PROGRAMA DE MADRUGADORES

O Concello subvenciona unha parte do custo deste servizo, afectando ao importe mensual que paga cada familia.

No mes de xuño do 2015 solicitouse a renovación da dita “colaboración” co Concello para o curso 2015-2016.

Durante este curso utilizaron este servizo 113 alumnos/as aproximadamente nas modalidades de fixo mensual ou turnos (dúas semanas ao mes), todas elas con ou sen almorzo. Tamén houbo usuarios esporádicos, chegando a usar o servizo nalgún momento case 90 nenos/as.

A media de asistentes diarios foi de 70.

	Educación infantil	Educación primaria
Fixo 5 días	24	45
4 días	2	5
3 días	2	3
2 días	1	2

12.2.3. PROGRAMA DE COMEDOR

A Xunta, ata o de agora, subvenciona unha parte deste servizo no curso escolar seguinte ao que se recibe. No meses de abril e maio do 2015 repartíronse os cheques correspondentes á subvención do curso 2013-2014.

O total de comensais ao longo do ano foi de 231 nas opcións de fixo ou fixo discontinuo. O servizo ofrece tres opcións: fixo mensual, fixo discontinuo e esporádico.

A media de asistentes diarios ao comedor foi de 201 alumnos/as ao día.

Hai 39 usuarios esporádicos dos servizos de Madrugadores e Comedor: 15 de infantil e 24 de primaria.

Os datos de usuarios fixos de comedor son os seguintes:

	Educación infantil	Educación primaria
5 días	70	108
4 días	7	12
3 días	5	7
2 días	5	9
1 día	3	5

O servizo prestábase en dous espazos diferenciados para nenos de infantil e de primaria, se ben coa posta en funcionamento do novo colexio “modular”, o servizo centralizouse no novo comedor.

Con motivo da posta en marcha do novo colexio, existen queixas dos pais e nais de alumnos polo acceso establecido para recoller aos alumnos do servizo de comedor, cuestión que debería valorarse para o novo curso 2015-2016.

Os/as nenos/as lavan as mans antes de sentarse a comer. Logo do servizo de comedor lavan os dentes e saen ao patio ou ao ximnasio se chove. Hai un turno de entrega de nenos/as ás 15.25 e outro a partir das 15.45. Se os pais non chegan a tempo para recollelos/as, quedan na biblioteca agás os luns que quedan coa coordinadora do comedor. As familias teñen á súa disposición o teléfono da coordinadora para avisos e informacións, por medio de chamadas ou mensaxes.

12.2.4. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

O longo deste curso participaron aproximadamente 200 nenos e nenas en distintas actividades. Como moitos deles repiten en máis dunha actividade, o número total de inscricións en actividades é de case 300.

O total de inscricións no programa de actividades extraescolares xestionadas pola Anpa foi de 164 nenos e 133 nenas ata o mes de xaneiro. Ao longo do curso prodúcese novas altas, baixas e modificacións.

12.2.4.1.- ACTIVIDADES CREATIVAS E DE MOVEMENTO DESENVOLTAS POR “AXIÑA”

Continuamos co programa de actividades extraescolares ofertado pola empresa de tempo libre AXIÑA, S.L. Os totais por actividade foron:

Actividade (datos remate de curso)	Total participantes
Judo	32
Teatro	19
Deseño de complementos	(*)
Cociña	15
Zumba	16
Informática (maiores / pequenos)	10 / 6
Maxia	7
TOTAL ACTIVIDADES AXIÑA	105

(*) A actividade de Deseño de complementos mantívose de setembro a decembro pero foi cancelada por non acadar o grupo mínimo de participantes.

En xeral todas as actividades teñen unha valoración positiva na súa acollida, desenvolvemento e resultados. Podemos resumir a consecución de obxectivos do programa do seguinte xeito:

- Proporcionar disfrute persoal.
- Despertar creatividade, participación, iniciativa e maxinación.
- Desenvolver habilidades ou técnicas propias de cada actividade (expresión e dominio corporal, motricidade fina, aprendizaxe de normas, hábitos hixiénicos relacionados coa comida, ...).
- Socializar e educar en valores: desenvolver habilidades para a interacción cos demais, o respecto, o compañerismo, a convivencia, a tolerancia, o valor do esforzo e a mellora, a autoestima, o orde e a organización, etc.

Fixéronse dúas exhibicións relevantes: Nadal e Fin de curso.

A relación coa empresa Axiña foi moi satisfactoria, sempre responderon a todas as nosas demandas rápida e correctamente e houbo moita comunicación.

12.2.4.2.- ACTIVIDADES DEPORTIVAS

As actividades deportivas ofertadas pola ANPA durante este curso foron: fútbol-sala, baloncesto, ximnasia rítmica. Tamén se ofertaron judo e zumba (comentadas no apartado anterior debido a que son xestionadas pola empresa Axiña).

A xestión destas actividades estivo baseada na contratación de servizos e convenios con clubs deportivos. En todos os casos a relación cos clubs foi moi satisfactoria e non houbo problemas de organización nin de comunicación.

XIMNASIA RÍTMICA.- Empresa TEMPO. En total, 22 participantes, a maioría de infantil e primeiros cursos de primaria.

BALONMÁN.- Dende o mes de xaneiro existe un convenio co Clube OAR Coruña, con 10 participantes.

NATACIÓN.- Este curso continuamos co Programa Municipal de Natación Escolar no que participaron aproximadamente 20 nenos de 2o Ciclo de Primaria tódolos luns de 17.00 a 18.00 horas.

FUTBOL-SALA E BALONCESTO.-

As actividades de fútbol-sala e baloncesto tiveron lugar un ano máis por convenio co Clube Deportivo Los Rosales. Este clube asumiu a xestión completa das actividades.

No mes de xuño de 2015 procedeuse a renovar o convenio co Clube Deportivo.

Fútbol-sala (contido redactado polo responsable de baloncesto):

En virtude do convenio coa Anpa Milnenos do C.E.I.P. Emilia Pardo Bazán, para actividades extraescolares, o Club encárgase de adestrar a os nenos/as dende Iniciación ate Alevíns (1o a 6o de Primaria) sendo un total de 58 nenos/as repartidos nas seguintes categorías:

- Iniciación: nados en 2007 e 2008, con 17 participantes, 15 nenos e 2 nenas.
- Benxamín: nados en 2005 e 2006, con 19 participantes, 19 nenos.
- Alevín: nados en 2003 e 2004, con 22 participantes, 22 nenos.

Formáronse dous equipos en iniciación (prebenxamíns) , dous en benxamín e dous en alevín, participando na competición organizada pola Federación Coruñesa de Fútbol Sala un dos equipos prebenxamins, un dos equipos benxamins e os dous equipo alevín. Este ano participaron no trofeo organizado polo Club Calasanz un equipo benxamín e un prebenxamín.

O corpo técnico estivo composto por 6 adestradores.

Un adestrador foi subvencionado economicamente polo Club no seu curso de formación de monitor de fútbol sala, e puido realizar a labor de adestrador no Trofeo Calasanz, conseguindo así que todos os adestradores de fútbol sala contén con licencia federativa de nivel comarcal como Participación por equipos:

Emilia Pardo Bazán iniciación 2008 (5 xogadores)

XXXIV Trofeo Calasanz de Fútbol Sala. 5o clasificado.

Emilia Pardo Bazán iniciación 2007 (12 xogadores, 12 federados)

Liga da Federación Coruñesa de Fútbol Sala. 4º clasificado.

Copa da Federación coruñesa de Fútbol Sala, 3º clasificado.

Emilia Pardo Bazán benxamín 2006 (13 xogadores, 12 federados)

Liga da Federación Coruñesa de Fútbol Sala. 13º clasificado.

Copa da Federación coruñesa de Fútbol Sala, 6º clasificado do seu grupo.

Emilia Pardo Bazán benxamín 2005 (6 xogadores)

XXXIV Trofeo Calasanz de Fútbol Sala. 5º clasificado.

Emilia Pardo Bazán alevín 2004 (13 xogadores, 12 federados)

Liga da Federación Coruñesa de Fútbol Sala. 10º clasificado.

Copa da Federación coruñesa de Fútbol Sala, 6º clasificado do seu grupo.

Emilia Pardo Bazán alevín 2003 (9 xogadores, 9 federados)

Liga da Federación Coruñesa de Fútbol Sala. 9º clasificado.

Copa da Federación coruñesa de Fútbol Sala, 6º clasificado do seu grupo.

Ademais destas competicións oficiais, o Club organizou partidos amistosos entre os equipos do club e coa participación doutros clubs.

Co fin de poder ofrecerlles ós rapaces a posibilidade de competir, cando o número de xogadores non permitía o poder formar equipos a nivel federativo, e dicir no iniciación 2008 e no benxamin 2005, o club optou por facer un esforzo e asignar dous entrenadores a maiores e participar coa mestura con xogadores federados no Torneo Calasanz de Fútbol.

Tamén participamos no torneo de 6x6 de fútbol de Novo Mesoiro cun equipo de categoría alevín, caendo eliminados en cuartos de final.

Entendemos que os resultados foron optimos, xa que a filosofía do Club, especialmente nas categorías vinculadas ca ANPA, e a formación, que aínda sendo competitiva non busca acadar resultados a curto prazo, si o gusto polo deporte e a necesidade de hábitos saudables.

Suliñar por último que este ano, notouse una baixa de inscricións na categoría prebenxamin, entendendo que a base, e o principal punto para ter continuidade. Polo que cremos necesario plantexar para a vindeira temporada, algún tipo de acción, para fomentar a actividade dentro do colexio.

Tamén comentar que aínda temos a disposición, de cara a próxima tempada, de participar en outras competicións que poidan xurdir que fomenten a relación dos rapaces entre distintos colexios co fútbol sala como actividade deportiva, consideramos que a competición que ofrece a Federación Galega de Fútbol Sala, respecto a pistas, horarios, árbitros e organización en xeral é a que mellor, promove a aprendizaxe do fútbol sala, que o fin e o cabo é a especialidade ofrecida na actividade, polo que sempre que sexa posible trataremos de ofrecerlla

ós rapaces.

Baloncesto (contido redactado polo responsable de baloncesto):

A actividade comenzou no mes de setembro e rematou en xuño comprendendo as mesmas datas do calendario escolar.

Houbo tres grupos diferenciados por idades:

INICIACIÓN: 1º e 2º de primaria, anos de nacemento 2007 e 2008. Inscribíronse un total de 19 participantes; 8 nenas e 11 nenos. O traballo principalmente consistiu en educar na práctica do xogo colectivo cun carácter totalmente lúdico pero a través do esforzo e da solidariedade como principios. No aspecto puramente físico, traballouse a base de exercicios e xogos que levasen a un bo uso do corpo potenciando a bilateralidade e a coordinación. Todo elo utilizando medios físicos de baloncesto; pelotas; canastras..., pero tamén outros elementos e o propio corpo. Tamén procurouse que os tempos de inactividade foran os menos posibles.

Non se fixo ningún equipo para xogar competición federada porque consideramos que a esta idade pódese "competir" como parte do xogo sen estar suxeito ós condicionantes que ten unha competición oficial. Por contra, e como "actividade extra" e complementaria, participouse con todos aqueles que o desexaron, 14 en total, na actividade "Pequebasket" que organiza en Carballo a Escola de Basquet Xiria, e que consiste nunha xornada lúdico-deportiva na que se xogan partidos de baloncesto en canchas adaptadas á idade pero sen competitividade no que a resultados se refire, estando todo día alí, con xantar e merenda incluídas e con xogos populares e outras actividades paralelas de carácter lúdico. A participación foi un éxito tanto para os participantes como para os proxenitores.

Para rematar a actividade celebramos un partido entre as/os nenas/os e as/os nais/pais.

BENXAMÍN; 3º e 4º de primaria, anos de nacemento 2005 e 2006. 20 inscritos; 11 nenas e 9 nenos. Nesta categoría o traballo foi un pouco mais específico de cara ó baloncesto pero sen olvidar o sentido lúdico da actividade; cun ritmo alto de execución e con intensidade procurouse que os participantes adquirisen habilidades físicas, motrices e técnicas para desenvolver o xogo.

A nivel competitivo formouse un equipo mixto con 15 participantes que se foron turnando dado que a cada partido só podían ir convocados 10. Participouse

na liga local e na Copa Primavera organizadas pola Federación Coruñesa de Baloncesto.

Empezouse con moitas dúbidas para rematar a temporada con gran confianza e xogo.

Para rematar a actividade celebramos un partido entre as/os nenas/os e as/os nais/pais.

ALEVÍN; 5º e 6º de primaria, anos de nacemento 2003 e 2004. En principio inscribíronse 18 participantes; 12 nenas e 6 nenos, pero déronse de baixa, por diferentes circunstancias, tres nenos e tres nenas. Máis tarde, e coa autorización da ANPA, incorporouse un rapaz máis que non pertencía ó colexio.

Este grupo traballou conceptos propios do baloncesto no canto de xogo colectivo e técnica individual e alcanzou uns resultados extraordinarios tanto no técnico coma, sobre todo, no relacional, conseguindo unha gran cohesión como grupo, e resalto esta circunstancia porque cando empezaron era moi heteroxéneo.

A nivel competitivo formouse un equipo mixto con 12 participantes. Participouse na liga local e na Copa Primavera organizadas pola Federación Coruñesa de Baloncesto.

Empezouse con moitas dúbidas para rematar a temporada de forma espectacular con gran confianza e xogo.

Para rematar a actividade celebramos un partido entre as/os nenas/os e as/os nais/pais.

Os grupos alevín e benxamín, practicamente na súa totalidade, participaron no Día Autonómico do Minibasquet que se celebra en Santiago de Compostela organizado polo "El Correo Gallego" y la Federación Galega de Baloncesto, e que consiste nunha xornada na que a competición sen resultados é a excusa para pasar un día de lecer coñecendo a rapazas e rapaces de toda Galicia.

Como remate do curso/temporada, os que quixeron asistiron a festa fin de temporada que organizou o Club Deportivo Los Rosales en Gandarío, na que o sábado 20 de xuño houbo diversas actividades e xogos pola mañá, xantar ó mediodía e "libre" pola tarde para disfrutar do deporte ou da praia. A esta xornada asistimos un total de 126 persoas.

A plantilla técnica da que dispuxo o Club foi de 7 adestradores con distinta titulación dende adestradores superiores de baloncesto ata técnicos de

actividades deportivas, todos eles debidamente cualificados para procurar un desenvolvemento axeitado da actividade.

Como resumo e con carácter xeral: a actividade desenvolveuse con normalidade durante todo o curso cumpríndose todas as condicións impostas ós participantes; puntualidade, formalidade, disciplina, responsabilidade, compromiso e GAÑAS DE PASALO BEN. As baixas foron mínimas e na maioría dos casos protagonizáronnas rapaces e rapazas, ou os seus pais, que non foron quen de asumir eses puntos mínimos esixidos. Non houbo incidentes saliantables en canto a comportamento e as lesións derivadas da práctica deportiva non existiron. O balance é totalmente positivo.

No estritamente organizativo salienta que o ter que ir buscar o colexio a participantes doutras actividades provoca retrasos no inicio e merma na duración da actividade propia que, ó cabo, quédase practicamente en 45min., xa que os da actividade anterior apuran a hora de finalización o que supón como mínimo cinco minutos menos, máis o traslado, máis a posta en marcha, máis o recorte ó final para poder deixar a instalación libre, ocasiona unha redución importante de tempo, sen contar con que os nenos non quedan sós porque o Club pon un mínimo de dous adestradores por grupo.

Propoñemos buscar outra fórmula para o traslado, como poida ser que o/a monitor/a da actividade anterior sexa o/a encargado/a de trasladar ós nenos

12.2.4.3.- POE, DEPORTE NO CENTRO (CONCELLO DA CORUÑA / Federación Provincial de ANPAS)

Para este curso engadiuse por primeira vez a oferta municipal do Programa de Ocio Educativo (POE), dirixido a nenos/as de Educación infantil e 1o Ciclo de Primaria, e Xogos para Educación Infantil (Deporte no centro).

Nas actividades organizadas polo Concello no marcos dos programas que desenvolve en colaboración coa Federación Provincial de ANPAS, participaron:

- Programa Deporte no Centro: 17 inscritos
- Programa de Ocio Educativo: 31 inscritos

Pendientes da confirmación de datos polo Concello, o vindeiro curso escolar manteranse as ditas actividades.

12.2.4.4.- CAMPAMENTO DE VERÁN 2015

Por primeiro ano, a Anpa Milnenos puxo en marcha un campamento de verán con máis de 40 inscritos. O luns 25 de maio o Consello Escolar do CEIP Emilia Pardo Bazán reunido coa finalidade de valorar a proposta de Campamento de Verán remitido pola directiva da ANPA Milnenos, acordou aprobar a dita proposta.

As actividades estanse a desenvolver nos locais do colexio azul (antigo colexio de Educación infantil) sen prexuízo das saídas previstas, que se celebrarán sempre que as condicións climatolóxicas o permitan.

En concreto, utilizaranse dúas aulas na planta baixa do inmoble, así como os aseos e o patio cuberto. Tamén poderán utilizarse a pista deportiva anexa e a horta.

O campamento desenvolverase nas ditas instalación ao longo do período non lectivo que vai dende o 22 de xuño ao 31 de xullo, e do 1 ao 8 de setembro de 2015.

Agardamos que a actividade teñan continuidade no tempo e un maior apoio das Administracións interesadas nas vindeiras edicións, para poder colaborar con esta importante medida coa conciliación familiar e incluír, na medida do posible, melloras adicionais.

12.2.4.5.- FIN DE CURSO E AVALIACIÓN DE ACTIVIDADES

Como remate e clausura do curso, na semana do 15 ao 19 de xuño fixéronse diferentes mostras, exhibicións e xornadas de pais/nais contra fillos/as nas distintas actividades. Durante este curso avaliamos as actividades para axustar a oferta e a demanda e ofrecer máis variedade para o vindeiro curso.

Como novidade o próximo ano a totalidade das actividades desenvolveranse no edificio do colexio azul, agás informática que estimamos preciso que se manteña na instalación do colexio de primaria para evitar gastos adicionais (empregando a Aula de informática do CEIP. Ademais, incorporaremos para o curso 2015/2016 as seguintes actividades (sempre que exista un volume de demanda suficiente):

a) Dos programas municipais Deporte no Centro e POE: solicitaremos a inclusión de balonmán .

b) Outras actividades: baile tradicional galego, baile moderno, percusión para Educación infantil, percusión para Educación Primaria .

12.2.4.6.- OUTRAS ACTIVIDADES REALIZADAS POLA ANPA DURANTE O CURSO 2013/2014

- Xestión dos pedidos de chándal, camisetas, etc.
- Xestión dos pedidos de camisetas verdes a favor do ensino público.
- Compra das equipacións e materiais precisos para as actividades deportivas e extraescolares.
- Festa de Entroido no pavillón de Cocheras (coa empresa Axiña)
- Festa de Despedida dos alumnos de 6o de Educación Primaria o 18 de xuño e entrega da foto de grupo a cada un d@s alumn@s (coa empresa Axiña e coa colaboración de Estrella Galicia-Cabreiroa; Jardanay; Leyma e Sanbrandán)
- Festa de fin de curso no Colexio o día 19 de xuño (coa empresa Axiña).
- Colaboración co colexio nas festas de Magosto, Nadal, Entroido,...
- Intercambio de libros de texto a través do correo electrónico (para o curso 2014/2015)
- Mostras e exhibicións de actividades extraescolares en Nadal e fin de curso .
- Participación na Mostra de Actividades Extraescolares en Forum.

13. SITUACIÓN DAS INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS

13.1. ACTUACIÓNS REALIZADAS POLO CONCELLO

Realizáronse case todas as solicitadas desde o centro.

Segue a estar pendente de completar a necesidade máis urxente de reparación como é a eliminación das aristas e das fendas no material vitrificado do edificio de educación primaria por ter causados numerosos incidentes entre os usuarios do centro en cursos anteriores.

13.2. ACTUACIÓNS REALIZADAS POLA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E O. U.

Relación de equipamento e mobiliario recibido:

Artigo	Unidades
Encerado de preescolar	1
Taboleiro de cortiza	12
Perchas 8 ganchos	25
Encerado branco	1
Armario ficheiro para secretaría	2
Globo terráqueo	3
Bloques de construción	3
Material de linguaxe	3
Material para psicomotricidade	1
Puzzles 1	3
Puzzles 2	3
Equipo de motricidade interior	1
Material xogo alternativo	2
Material desenvolvemento ad linguaxe	1
Material apoio PT	1
Mesa profesorado con sillón M-14	13
Mesa de comedor e lectura infantil	9
Xogo de porterías de balonmán	1
Mesa de lectura e comedor primaria	25
Armario librería	11
Bancos de preescolar	20
Mesa de reunión con 6 cadeiras	3
Xogos simbólicos	3
Xogos elementos lóxico matemáticos	3
Equipo de motricidade fina	3
Xogo de tapices de chan	2
Armario móvil con 17 gavetas	9
Mesa de ordenador infantil con 2 cadeiras	8
Mesa rectangular con cadeiras	24
Estantería aberta a 1 cara	3
Mesa ordenador profesorado	1

Percheiros de pé	1
Instrumentos para ritmo	1
Material de ximnasia	1
Butaca modular con rinconeira e mesa	1
Encerado dixital interactivo	1
Videoproxector electrónico con pantalla extensible	1

Quedan pendentes de solucionar as seguintes necesidades:

ZONA EXTERIOR ANTIGO EDIFICIO EDUCACIÓN INFANTIL

- Reposición do teped na zona de xogos.

EN EDUCACIÓN PRIMARIA

- Reforma de servizos de profesorado e alumnado no 2º e 3º andar.
- Insonorización da aula de música e de A.L.
- Portas de saída con sistemas de apertura antipánico.
- Eliminación das fendas existentes en diversas dependencias do edificio de primaria.

PISTAS POLIDEPORTIVAS EXTERIORES

- Acondicionamento do pavimento.

Necesidades de equipamento:

- Dotación de ordenadores na aula de PT2, ERE2 Católica e Evanxélica.
- Renovación dos ordenadores de sobremesa das aulas de infantil e primaria.

15. LIBROS DE TEXTO E MATERIAL COMPLEMENTARIO (VER ANEXO I)

LIBROS DE TEXTO
CURSO ESCOLAR 2015-2016
CEIP EMILIA PARDO BAZAN

Código de centro: 15021627

Enderezo: TRAVESIA DE LOS ROSALES S/N

Concello: A CORUÑA

Correo

Teléfono: 981-276781

electrónico: ceip.emilia.pardo.corunha@edu.xunta.es

Curs o e etapa	Área Materia Ámbito Módulo	Título, autor, editorial e ano de publicación	ISBN	Lingua da edición
1º PR.	GLOBALIZADO	APRENDER E CRECER XUNTOS 1. 1º TRIMESTRE . ANAYA	9788467847284	G
1º PR.	GLOBALIZADO	APRENDER E CRECER XUNTOS 2. 2º TRIMESTRE . ANAYA	9788467847291	G
1º PR.	GLOBALIZADO	APRENDER E CRECER XUNTOS 3. 3º TRIMESTRE . ANAYA	9788467847307	G
1º PR.	MATEMATICAS	MATEMATICAS 1 ANAYA	9788467865035	C
1º PR.	MATEMATICAS	MATEMATICAS 1. CUADERNO 1. ANAYA	9788467867626	C
1º PR.	MATEMATICAS	MATEMATICAS 1. CUADERNO 2. ANAYA	9788467867633	C
1º PR.	MATEMATICAS	MATEMATICAS 1. CUADERNO 3. ANAYA	9788467867640	C
1º PR.	INGLES	BUGS WORLD 1. PUPIL ´S BOOK MAC MILLAN	9780230407466	I
1º PR.	INGLES	BUGS WORLD 1. BUSY BOOK MAC MILLAN	9780230718890	I
1º PR.	CASTELLANO	LENGUA CASTELLANA1. PRIMEROS PASOS. PAUTA. SANTILLANA	9788468018577	C
1º PR.	LECTURA	MILHOJAS 1. LECTURAS. ANTOLOGÍA. ANAYA	9788467846003	C
1º PR.	LECTURA	A NAVE DOS LIBROS. LECTURAS 1. SANTILLANA-OBRADOIRO	9788499720845	G
1º PR.	VALORES	VALORES SOCIALES Y CÍVICOS1. CON RAZON. ANAYA	9788467836387	C
1º PR.	RELIXION	RELIGIÓN CATOLICA 1. ANAYA	9788467876048	C
2º PR.	GLOBALIZADO	APRENDER E CRECER XUNTOS 2. 1º TRIMESTRE. ANAYA	9788467877175	G
2º PR.	GLOBALIZADO	APRENDER E CRECER XUNTOS 2. 2º TRIMESTRE. ANAYA	9788467877182	G
2º PR.	GLOBALIZADO	APRENDER E CRECER XUNTOS 2. 3º TRIMESTRE. ANAYA	9788467877199	G
2º PR.	MATEMATICAS	MATEMATICAS 2. ANAYA	9788467874228	C
2º PR.	MATEMATICAS	MATEMATICAS 2. CUADERNO 1. ANAYA	9788467874136	C
2º PR.	MATEMATICAS	MATEMATICAS 2. CUADERNO 2. ANAYA	9788467874143	C
2º PR.	MATEMATICAS	MATEMATICAS 2. CUADERNO 3. ANAYA	9788467874150	C
2º PR.	INGLES	BUGS WORLD 2. PUPIL ´S BOOK. MAC MILLAN	9780230407480	I
2º PR.	INGLES	BUGS WORLD 2. BUSY BOOK. MAC MILLAN	9780230719026	I
2º PR.	CASTELLANO	LENGUA CASTELLANA 2. SANTILLANA	9788468025469	C
2º PR.	LECTURA	MILHOJAS 2. LECTURAS. ANTOLOGÍA. ANAYA	9788467875102	C
2º PR.	LECTURA	ROLDA DE LECTURAS 2. ANAYA	9788466790192	G
2º PR.	VALORES	VALORES SOCIALES Y CIVICOS 2. CON RAZÓN. ANAYA	9788467874914	C
2º PR.	RELIXIÓN	RELIGIÓN CATÓLICA 2. ANAYA	9788467876062	C
2º PR.	MATEMAT.	CIFRA. EL AVION DE PAPEL VICENS VIVES		
		CUADERNO 4 SUMAR LLEVANDO	9788431674106	C
		CUADERNO 7 RESTAR LLEVANDO	9788431675837	C
		CUADERNO 8 SUMAR Y RESTAR LLEVANDO	9788431675844	C
		CUADERNO 9 PROBLEMAS SUMAS Y RESTAS 2	9788431675851	C
		CUADERNO 10 MULTIPLICACIÓN POR 1 CIFRA	9788431675868	C

CEIP EMILIA PARDO BAZAN

Curso e etapa	Área Materia Ámbito Módulo	Título, autor, editorial e ano de publicación	ISBN	Lingua da edición
3º PR	MATEMAT.	NON HABERÁ LIBRO OFICIAL		C
3º PR	CIENCIAS SOCIAIS	NON HABERÁ LIBRO OFICIAL		G
3º PR	CIENCIAS NATURAIS	NON HABERÁ LIBRO OFICIAL		G
3º PR	CASTELLANO	NON HABERÁ LIBRO OFICIAL		C
3º PR	GALEGO	NON HABERÁ LIBRO OFICIAL		G
3º PR	INGLES	NON HABERÁ LIBRO OFICIAL		I
3º PR	INGLES	EXPLORERS 3. ACTIVITY BOOK. OXFORD.	9780194508933	I
3º PR	VALORES	NON HABERÁ LIBRO OFICIAL		C
<p>(*) AVISO IMPORTANTE: A SOLICITUDE DE CAMBIO DE LIBROS DE TEXTO DE 3º DE PRIMARIA “NON FOI AUTORIZADA POLA XEFATURA TERRITORIAL DE EDUCACIÓN” POLO TANTO NON HABERÁ LIBRO OFICIAL</p> <p>AS FAMILIAS NON DEBEN MERCAR NENGÚN LIBRO DE TEXTO (ÚNICAMENTE MERCARÁN O CADERNO “ACTIVITY BOOK” DE INGLÉS) O COLEXIO ENTREGARALLE AO ALUMNADO NO MES DE SETEMBRO OS LIBROS EN PRÉSTAMO</p>				
4º PR	MATEMAT.	MATEMATICAS 4.VICENS VIVES. (LIBRO DIVIDIDO EN TRES CADERNIÑOS)	9788468228815	C
4º PR	CIENCIAS SOCIAIS	SOCIAIS 4. VICENS VIVES	9788468228983	G
4º PR	CIENCIAS NATURAIS	NATURAIS 4. VICENS VIVES	9788468228433	G
4º PR	CASTELLANO	LENGUA 4. VICENS VIVES. (LIBRO DIVIDIDO EN TRES CADERNIÑOS)	9788468228358	C
4º PR	GALEGO	LINGUA 4. VICENS VIVES	9788468228679	G
4º PR	INGLES	EXPLORERS 4 CLASS BOOK . OXFORD	9780194509978	I
4º PR	INGLES	EXPLORERS 4 ACTIVITY BOOK. OXFORD	9780194509091	I
4º PR	VALORES	VALORES 4. VICENS VIVES.	9788468229324	C
4º PR	PLAN LECTOR	“CABECIÑA A PAXAROS E OUTRAS HISTORIAS”. GLORIA SANCHEZ. EDITORIAL BRUÑO.	9788421665923	G
4º PR	PLAN LECTOR	LECTURA EFICAZ. “CABECIÑA A PAXAROS E OUTRAS HISTORIAS”. XOGOS DE LECTURA. EDITORIAL BRUÑO.	9788421666241	G

CEIP. EMILIA PARDO BAZAN

Curso e etapa	Área Materia Ámbito Módulo	Título, autor, editorial e ano de publicación	ISBN	Lingua da edición
5° PR	MATEMAT.	LIBROS DIXITAIS DA PLATAFORMA E-DIXGAL		
5° PR	CASTELLANO			
5° PR	CIENCIAS SOCIAIS			
5° PR	CIENCIAS NATURAIS			
5° PR	GALEGO			
5° PR	INGLES			
5° PR	INGLES			
5° PR	VALORES			

(*) AVISO IMPORTANTE:

O CENTRO RESULTOU ADMITIDO NO PROXECTO DE EDUCACIÓN DIXITAL E-DIXGAL.

O ALUMNADO DE 5° DE PRIMARIA NON UTILIZARÁ LIBROS DE TEXTO CONVENCIONAIS. UTILIZARÁ LIBROS DIXITAIS, EMPREGANDO A PLATAFORMA E-DIXGAL

DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, E O. U.

NON MERQUEDES LIBROS PARA 5° PRIMARIA.

EN SETEMBRO, TEREAMOS UNHA REUNIÓN CON TODAS AS FAMILIAS PARA EXPLICAROS CON DETALLE ASPECTOS SOBRE O FUNCIONAMENTO, MATERIAIS, NORMAS, ETC.

6° PR	MATEMAT.	MOCHILA LIGERA SABER HACER . SANTILLANA	9788468015187	C
6° PR	CASTELLANO	MOCHILA LIGERA SABER HACER. SANTILLANA	9788468015118	C
6° PR	CIENCIAS SOCIAIS	SOCIAIS 6. VICENS VIVES	9788468228525	G
6° PR	CIENCIAS NATURAIS	APRENDER É CRECER. ANAYA	9788467883084	G
6° PR	GALEGO	APRENDER É CRECER. ANAYA	9788467835113	G
6° PR	INGLES	EXPLORERS 6 . CLASS BOOK OXFORD	9780194509411	I
6° PR	INGLES	EXPLORERS 6. ACTIVITY BOOK. OXFORD	9780194509428	I
6° PR	VALORES	VALORES 6. VICENS VIVES	9788468228105	C

OS CURSOS DE 3°, 4°, 5° E 6° DE EDUCACIÓN PRIMARIA NON TERÁN QUE MERCAR O LIBRO DE RELIXIÓN CATÓLICA

CEIP. EMILIA PARDO BAZAN

EDUCACION INFANTIL				
3 ANOS	MATEMAT (1)	MATEMATICAS 1. ED. ANAYA	9788467815887	C
3 ANOS	RELIXION	HOLA JESÚS. EDITORIAL S.M.	9788467561036	C
4 ANOS	MATEMAT .	CUADERNO MATEMÁTICAS 2. ED. ANAYA	9788467815887	C
4 ANOS	RELIXION	HOLA JESUS . EDITORIAL S.M.	9788467561043	C
4 ANOS	ESCRITURA	CUADERNO DE ESCRITURA LETRILANDIA N°1 (PAUTA MONTESSORI-ESPIRAL. EDITORIAL TAMBRE EDELVIVES)	9788426355645	C
5 ANOS	MATEMAT. (2)	MUCHAS MATES. EDITORIAL ALGAIDA. CUADERNO 7 MUCHAS MATES. EDITORIAL ALGAIDA. CUADERNO 8 MUCHAS MATES. EDITORIAL ALGAIDA. CUADERNO 9	9788498775822 9788498775839 9788498775846	C
5 ANOS	RELIXION	HOLA JESUS. EDITORIAL S.M.	9788467561050	C

(1) SÓ PARA OS GRUPOS DE INF4ºA – INF4ºC (3 ANOS)

(2) SÓ PARA OS GRUPOS DE INF6ºA - INF6ºC (5 ANOS)

A Coruña, 15 de Xuño de 2015.

O Director,

Asdo.: José Manuel García Yanes



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Travesía Los Rosales, s/n
15011 – A CORUÑA
Tfno. / Fax: 981 276 781 (Edificio Educación Primaria)
Tfno.: 981 258 528 (Edificio Educación Infantil)
Web: <http://www.edu.xunta.es/centros/ceipemiliapardobazancoruna/>
Revista electrónica: <http://ejournal.eduprojects.net/CEIPpardobazan/>
Correo electrónico: ceip.emilia.pardo.corunha@edu.xunta.es

CEIP Emilia Pardo Bazán

Don José Manuel García Yanes, director do CEIP Emilia Pardo Bazán de A Coruña, pola presente,

CERTIFICA:

Que a presente Memoria Anual 2014-2015, foi informada respectivamente polo Claustro de Profesorado e Consello Escolar deste centro en sesións ordinarias celebradas o día 29 de xuño de 2015.

Que como director do centro procedo á súa aprobación con data de 30 de xuño de 2015.

A Coruña, 30 de xuño de 2015

O director



Asdo.: José Manuel García Yanes